

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 13 de novembro de 2006

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D. José Manuel Couto Pérez
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTEN:

D^a. Lucia Molares Pérez
D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte e seis minutos do día trece de novembro de dous mil seis e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1577).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 25 de setembro de 2006. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(1578).- DAR CONTA DA SELECCIÓN DE 15 BENEFICIARIOS TITULARES E SUPLENTE DO ITINERARIO DE INSERCIÓN LABORAL “LENCERÍA, LAVANDERÍA E PASADO DE FERRO” O PROXECTO ACTÍVATE. EXPTE. 4045/77.

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 27.10.06, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento local, que di o seguinte:

O proxecto ACTÍVATE (expte. 3246/077) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 11/07/05, é unha iniciativa posta en marcha pola Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego que conta cunha axuda económica no marco da Subvención Global do Fondo Social Europeo e que pretende elaborar e implementar

itinerarios de inserción laboral para a capacitación e especialización de persoas desempregadas no sector de atención a persoas e tamén de demandantes de emprego con especiais dificultades para a súa inserción no mercado de traballo, pola súa pertenza a colectivos en situación ou en risco de exclusión social. Estes obxectivos materialízanse nos itinerarios de condutor/a-monitor/a de transporte adaptado e escolar, auxiliar de axuda a domicilio, axudante de cociña en centros escolares e sociosanitarios, experto/a en limpeza, experto/a en lencería, lavandería e pasado de ferro (“planchado”) e teleoperador/a, para un total de 90 persoas beneficiarias.

A unidade xestora do proxecto (Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego) elaborou as Bases para o procedemento de captación e selección de beneficiarios/as do Proxecto Actívate que foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 20 de marzo de 2006 (exp. 3659/077). Nestas bases establecéronse as fases das que consta o procedemento de selección (achégase copia).

Unha vez resoltas as anteditas fases para o Itinerario de inserción laboral de “Lencería, lavandería e pasado de ferro” dende a convocatoria pública ata a selección definitiva, foron aprobadas, a proposta do equipo técnico do Proxecto Actívate, pola concelleira delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, as seguintes listaxes definitivas de titulares e suplentes:

BENEFICIARIOS/AS TITULARES DO ITINERARIO DE LENCERÍA, LAVANDERÍA E PASADO DE FERRO

	APELIDOS E NOME	DNI
1	OTERO HERMELO, ANA ISABEL	36110980Z
2	PEÑÍN GARCÍA, JOSEFA	36029165X
3	JIMENEZ FERNÁNDEZ, ESMERALDA	53193314H
4	CHANTADA CARBALLO, LETICIA	36105038Y
5	CASTRO ÁLVAREZ, MARÍA DOLORES	36095558W
6	MORENO VARÓN, OLGA	39461719K
7	GIL VILA, MARÍA JOSÉ	36103500D
8	OJEDA VEGA, TERESA	X5480832R
9	OLIVARES MOZO, MARÍA DEL PILAR ANA	36031450H
10	RÍO VELASCO DEL, MARÍA JOAQUINA	36062053P
11	TRONCOSO MARTÍNEZ, ELVIRA	36120819D
12	DUQUE RIVERA, ANA YOLANDA	X1682070B
13	FERNÁNDEZ VARELA, TERESA	36095533T
14	JIMÉNEZ FERNÁNDEZ, YOLANDA	53185619M
15	GALLO VILLA, LUZ ÁNGELA	X4517650J

SUPLENTES DO ITINERARIO DE LENCERÍA, LAVANDERÍA E PASADO DE FERRO

	APELIDOS E NOME	DNI
1	GONZÁLEZ PÉREZ, MARÍA ESTRELLA	76915584L
2	MONTERO GONZÁLEZ, CARMEN	36142590E
3	SANHA, GRACIETE	X2508233Z
4	BARREIRO RIESGO, LILIANA	39456591E
5	GARCÍA GÓMEZ, ALEJANDRO	36124168T
6	FERNÁNDEZ SANTOMÉ, JOSÉ	36026335D
7	FERREIROS SÁNCHEZ-GUISANDE, IGNACIO ANTONIO	30580409T

O que se comunica á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3(1579).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTE DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL DURANTE O MES DE OUTUBRO DE 2006. EXPTE. 2030/335.

Mediante providencia de data 2.11.06, en cumprimento do establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral, o concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Festas e Animación Sociocultural durante o mes de outubro de 2006, que son os seguintes:

EXPTE. 2021/335. CONTRATACIÓN PATROCINIO PUBLICITARIO DO CONCERTO FITO Y FITIPALDIS.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 24-10-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 51737

ADXUDICATARIO: CULTURA ROCK, S.L.

IMPORTE: 6.000,00 €

A Xunta de Goberno local queda enterada.

4(1580).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 16.10.06 EN RELACIÓN COA ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DO POLÍGONO 1 PERI 4 BARREIRO 2. EXPTE. 1641/407.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 7.11.06, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión de 16 de outubro de 2006, acordou a adxudicación das obras de urbanización do polígono 1 PERI 4 Barreiro 2 á empresa Movexvial, S.L. por un importe total de 2.528.410 euros, e un prazo de execución de catro meses.

Unha vez notificado dito acordo a tódalas empresas participantes no concurso, a adxudicataria das obras comunica que detectaron un erro na cantidade adxudicada, toda vez que ofertaron un prezo de 2.584.410 euros.

Dita cantidade é a correcta, sendo a que figura na acta de apertura de plicas de 12 de xullo de 2006, así como no informe dos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo no que figuran as puntuacións outorgadas a cada empresa. Estes documentos figuran no expediente.

A cantidade errónea figura no informe-proposta que foi remitido á Xunta de Goberno Local, téndose adoptado o acordo que se precisa rectificar, por iso proponse, toda vez que trátase dun erro material orixinado polo baile de dous cifras, a rectificación de oficio á vista do contido no art. 105.2 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a adopción do seguinte acordo:

“1.- Rectifica-lo erro numérico existente no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 16 de outubro de 2006, no seu punto 30, no sentido de modifica-la cantidade do importe da adxudicación das obras de urbanización do polígono 1 PERI 4 Barreiro 2 á empresa Movexvial, S.L., resultando 2.584.410 euros (Ive incluído), toda vez que foi debido a un erro involuntario, xa que figura na acta de apertura de plicas e informe das ofertas presentadas elaborado polos técnicos da Xerencia de Urbanismo.

2.- Remitir de novo o expediente á oficina de Intervención para rectificación da fase contable correspondente así como notificar ós licitadores o acordo de rectificación.”

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co informe-proposta precedente, acorda:

1º.- Rectificar o erro numérico existente no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 16 de outubro de 2006, no seu punto 30, no sentido de modifica-la cantidade do importe da adxudicación das obras de urbanización do polígono 1 PERI 4 Barreiro 2 á empresa Movexvial, S.L., resultando 2.584.410 euros (Ive incluído), toda vez que foi debido a un erro involuntario, xa que figura na acta de apertura de plicas e informe das ofertas presentadas elaborado polos técnicos da Xerencia de Urbanismo.

2º.- Remitir de novo o expediente á oficina de Intervención para rectificación da fase contable correspondente así como notificar ós licitadores o acordo de rectificación.

5(1581).- REVISIÓN DO PREZO DO CONTRATO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECAÑICAS DOS TÚNEIS E PASOS INFERIORES DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 17929/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 20.10.06, conformado polo interventor xeral, que di o seguinte:

O enxeñeiro Municipal deste Concello, D. Benjamín Collazo Rodríguez, remite a este servizo escrito da empresa adxudicataria do contrato para a prestación do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas dos túneis e pasos inferiores da cidade de Vigo, no que solicita a revisión ordinaria dos prezos correspondentes ao período 1 de setembro de 2006 e 31 de agosto de 2007.

O contrato de mantemento integral das instalacións electromecánicas dos túneis e pasos inferiores da cidade de Vigo, foi adxudicado pola Xunta de Goberno Local de datas 12 de xullo de 2004, a Unión Temporal de empresas formada por “Instalaciones y Montajes eléctricos y saneamiento, S.A., e equipos de Señalización y Control- Esycsa, S.A.”.

A posibilidade de revisión de prezos aparece recollida na cláusula IV do Prego de Cláusulas administrativas que rexeu a contratación, que establece o seguinte:

“ Procederá a primeira revisión de prezos transcurrido un ano dende a data de inicio do contrato e recollerá a variación experimentada polo IPC nacional no periodo que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas.

As seguintes revisións faranse transcurrido un ano dende a inmediata anterior e recollerá a variación que experimente o IPC Nacional no periodo comprendido entre a data de revisión de prezos a a data da revisión inmediata a anterior”.

No escrito remitido por parte do servizo de electromecánicos informan que a Xunta de Goberno Local de 13 de xuño de 2005 acordou ampliar o prezo do contrato pola incorporación de novos tuneis polo importe de 137.050,69 euros, polo que o prezo do contrato quedou fixado na cantidade de 488.304,09 euros/ano.

Así mesmo informan que a primeira revisión contractual efectuouse o 1 de setembro de 2005, correspondente o periodo 1 de setembro de 2004 a 31 de agosto de 2005, resultando un prezo revisado de 517.114,03 euros.

A xuízo deste servizo, a primeira revisión efectuariase o 1 de setembro de 2005, e resultaría de aplicar o prezo inicial do contrato maila ampliación, o incremento do IPC do periodo febreiro 2004 (data de apertura das proposicións)/ agosto2005, que según datos do INE foi do 5,9%, que aplicado o prezo total contractual dito incremento, obteríamos o prezo revisado a partir do 1 de setembro de 2005, que sería de 517.114,03 euros/ano.

Se a este prezo contractual revisado para o ano 2005, lle aplicamos o incremento do IPC agosto 2005/2006 de 3,7 %, obtemos o prezo revisado para o periodo setembro 2006/agosto 2007, ascendendo éste a 536.247,25 euros/ano.

Polo exposto, previo informe da Intervención Xeral, propónse a Xunta de Goberno Local o seguinte A C O R D O

Aprobar a revisión do prezo do contrato da prestación do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas dos túneis e pasos inferiores da cidade de Vigo, adxudicado pola Xunta de Goberno Local de data de 12 de xullo de 2004 a empresa UTE “Instalaciones y Montajes Eléctricos y Saneamiento S.A. e Equipos de Señalización y Control, S.A.”, fixando éste para o periodo setembro de 2006 a agosto de 2007 na cantidade de 536.247,25 euros/ano.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1582).- RECUPERACIÓN DE OFICIO DA POSESIÓN DO ACCESO Á FONTE PÚBLICA Nº 259 BAGUNDA-LAVADORES. EXPTE. 17017/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 23.10.06, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LRBRL).
- L 33/2003 de 3 novembro , do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).
- L30/1992 de 26 de novembro, de Reximen Xurídico das Administracións Publicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- RDL 781/1986 de 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Reximen Local (TRRL)
- RD 2568/1986 dde 28 de novembro, do Regulamento da Organización, Funcionamento, e Reximen Xurídico das Entidades Locais. (ROFRXEL).
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- Por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de 20 de marzo de 2006. incouse expediente de recuperación de oficio da posesión do acceso público pola Rúa Severino Cobas á Fonte Municipal nº 259 denominada Merla(Bagunda-Lavadores), polo seu peche mediante a instalación dunha cancela metálica por D. Julio Gonzalez Fernandez.

SEGUNDO.-Notificado o interesado o acordo incoatorio do expediente de recuperación posesoria. en data 14 de maio de 2006, formula alegacións ó expediente en data 12 de maio de 2006, nas que manifesta que a finca da sua propiedade no nº 13 da Rúa Bagunda ten unha superficie de 100 m2 onde se enclava unha vivenda de planta baixa e piso; que a franxa de terreo que rodea a vivenda nos seus frentes á rua Bagunda e Seberino Cobas e da sua exclusiva propiedade, non tendo carácter público, nin tampoco as escaleiras da fachada oeste da vivenda, que foron construídas polo anterior propietario; que a fonte emprazabase fora da parcela según plano do proxecto de obra de 8.07.1961, e tralo ensanche dos camiños de Porvelo e Bagunda, foi retirada e colocada no interior da franxa do terreo da sua propiedade.

TERCEIRO.- na instrucción do expediente foron emitidos os seguintes informes polos servizos municipais:

- *O Topografo municipal en data 29.07.2006 informa as alegacións presentadas, ratificandose no seu informe de 13.02.2006.*
- *Polo laboratorio municipal informa o 24.08.2006 que "...co nº 259 figura unha fonte denominada "Fonte da Bagunda", sita na parroquia de Lavadores, .. os primeiros datos analíticos rexistrados datan do mes de novembro de 1972, tendo continuidade ata o 2000, data na que a fonte comenza a estar seca. Os ultimos resultados analíticos corresponden o 5 de febreiro e 17 de marzo de 2003, datas a partir das que non se toman novas mostras porque a fonte está seca e ademais o acceso a mesma está pechado, feito que foi corroborado o 8 de febreiro e o 25 de agosto dos correntes."*
- *Polo servizo de Vías e Obras informase o 29.09.2006 de que non dispoñe de antecedentes respecto o traslado da fonte e dos seus accesos.*
- *En data 2.10.2006 achegase plano do levantamento topográfico da parcela correspondente á fonte nº 259.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- O Concello de Vigo é titular da fonte pública denominada BAGUNDA-LAVADORES, sita na parroquia de Lavadores, e rexistrada co nº 259 no epigrafe I Fontes e Lavadeiros do Inventario municipal de Bens e Dereitos aprobado por acordo Plenario de 4 de maio de 1993.

SEGUNDO.- De acordo co disposto no art. 79.2 e 3 da lei 7/85 das Bases de Reximen Local, e art. 5.1 da lei 33/2003 do Patrimonio das Administracións Públicas, ,son bens de dominio público os destinados ó uso o servizo

público, tendo a condición de bens de uso público local os camiños, prazas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, pontes e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xeral (art. 263 da lei 5/97 da Administración Local de Galicia, e art.3.1 do RD 1372/86 de Bens das Entidades Locais).

TERCEIRO.- Que consonte ó disposto no artigo 4 e 5 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Reximen Local, art. 28 da LPAAPP, art. 270 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia e o artigo 9 do R.D. 1372/86 de Bens das Entidades Locais, estas teñen plena capacidade xurídica para a adquisición e posesión de toda clase de bens e dereitos así como para o exercicio das accións e os recursos que sexan procedentes na defensa do seu patrimonio.

CUARTO.- Que así mesmo, recoñeceselle ás Entidades Locais a facultade de recuperación de oficio da posesión dos seus bens e dereitos, tanto os de natureza patrimonial coma os demaniais (art. 41 e 55 LPAAPP, art. 283 da LALG, artigo 82 da LRBRL, e artigo 44 e 70 do RBEL que a desenvolve).

O exercicio de acción recuperatoria dos bens demaniais non está suxeito a límite temporal poidendo ser exercitada en calquera momento, establecéndose pola contra o prazo dun ano cando o ben obxecto da acción sexa de natureza patrimonial.

Dita acción ten por obxecto a restitución dunha posesión pública perturbada, como no presente caso, mediante a instalación dunha cancela polo interesado, que interrompe o libre acceso dos cidadáns a fonte municipal nº 259.

QUINTO.- No que se refire ás cuestións de propiedade plantexadas polo interesado, non resultan procedentes no presente procedemento administrativo de recuperación de oficio, que incide unicamente no ámbito posesorio administrativo, non prexulgando a titularidade dominial do terreo, que no seu caso debера ser obxecto de tramitación independente e en última instancia plantexada e resolta ante a xurisdicción civil.

Neste senso, pronúnciouse reiteradamente a xurisprudencia do Tribunal Supremo en diversas sentencias, valendo por todas elas o sinalado na de data 9.05.1997, que dí:

“...dichas entidades gozan respecto de sus bienes de la prerrogativa de recuperar su posesion en cualquier momento cuando se trate de los de dominio público. Ahora bien, tal prerrogativa se traduce en una medida provisoria orientada a la defensa de la posesion de tales bienes con reserva, en todo caso , a la jurisdiccion civil de la determinacion definitiva de los derechos de propiedad. Consecuentemente, no ejercita la administracion, en este caso , municipal una accion reivindicatoria, sino que utiliza una potestad enmarcada dentro del regimen exorbitante de los bienes de dominio público para su defensa y siempre a reserva eventual decision sobre la propiedad..., sin que la administracion local deba acreditarla en sede jurisdiccional contencioso-administrativa la plena titularidad demanial de aquellos; y ello naturalmente sin perjuicio de la accion de quien se crea titular dominical de los bienes...para reivindicarlos ante la jurisdiccion civil, ya que la administración por sí, primero, ni esta jurisdiccion, después, pueden determinar las titularidades dominicales o resolver las cuestiones de propiedad...”

Nembargantes e de salientar, que a teor do informado polo topografo municipal o 13-02.2006 como do levantamento topográfico(plano de deslinde) feito da fonte catalogada e vivenda do interesado, resulta que na actualidade a superficie da parcela da fonte é de 64 m², e a do interesado de 94 m² (concordante aproximadamente cos 100 m² declarados). Conseqüentemente carece de fundamento a pretensión de que os terreos da fonte formen parte da súa finca, xa que nese caso produciríase un exceso non xustificado na cabida desta en máis de 50 m². Por outra banda, a falta de oposición a instalación da fonte na súa actual ubicación (recoñecida polo propio interesado), o feito que dende enton e ata o seu peche viñeran os veciños facendo uso dela de xeito publico e pacífico, ou os controis periodicos das suas augas polo laboratorio municipal dende fai mais de 30 anos ata o

2003, son todas elas circunstancias concurrentes que contradicen unha hipotética titularidade ou condición posesoria privada dos terreos.

SEXO.- Resultando do expediente tramitado a ilicitude do peche realizado polo interesado ó interromper o acceso a fonte municipal, cuxa posesión pública e pacífica viñase exercendo ata entón polos veciños dende o seu traslado a actual ubicación procede, consecuentemente, que polo órgano competente se adopte o acordo de recuperación de oficio de dita posesión, requirindo ó interesado a retirada da cancela instalada e deixando libre o acceso a fonte municipal, con apercibemento, noutro caso, da utilización dos medios compulsorios legalmente admitidos (art. 71 RBEL), e en concreto da execución forzosa prevista e regulada no capítulo V título VI da LRXAP e PAC.

SETIMO.- Corresponde a Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría Xurídica, a adopción do acordo do exercicio da acción de recuperación de oficio da propiedade municipal na defensa dos seus bens demaniais, de conformidade co disposto no art 127.1.j LRBRL, art 54.3 TRRL, e art. 9 RBEL).

Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“1º.-Recuperar de oficio a posesión do acceso a Fonte Pública nº 259 Bagunda-Lavadores, na parroquia de Lavadores, deste termo municipal, ante a súa ocupación ilícita por D. Julio Gonzalez Fernandez mediante a colocación dunha cancela que o obstrue e interrompe.

2º.- Concederlle a D. Julio Gonzalez Fernandez ó prazo dun mes, a contar dende o día seguinte á notificación do presente acordo, para que proceda á retirada da cancela, deixando libre o acceso á Fonte Pública pola Rúa Severino Covas.

3º.-Apercibilrle que transcorrido o prazo outorgado, e no caso de incumprimento, procederase por esta Administración á execución forzosa do ordeado, consonte o previsto na LRXAP e PAC, correndo do seu cargo os gastos que se orixinen.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1583).- SOLICITUDE DE D. ANGEL ALONSO GONZÁLEZ DE DESCATALOGACIÓN DO LAVADEIRO SITO EN CAMBESES-LAVADORES. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 25.10.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e o concelleiro de Patrimonio, que di o seguinte:

Primeiro.- D. Angel Alonso González, en data 26 de maio de 2006, presenta un escrito no Rexistro Xeral deste Concello, co nº de entrada 60057739, no que solicita a descatalogación do lavadeiro L00111 existente na súa propiedade en Cambeses-Lavadores.

Segundo.- A Oficina do Inventario municipal, en data 7 de xullo de 2006, informa que dito lavadeiro consta co nº de propiedade nº 000111 no Inventario Municipal de Bens e Dereitos, aprobado por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, así como que o mesmo presenta un aspecto insalubre por falta de mantemento e conservación.

Terceiro.- Os bens de dominio público veñen regulados no noso Ordenamento Xurídico tanto na normativa xurídica de réxime local como nas normas do dereito privado, e lexislación sectorial.

A Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases de Réxime Local (modificada por Lei 11/99) dispón no Art. 79.2 e 3, que os bens das Entidades Locais son de dominio público ou patrimoniais, resultando os de dominio público os destinados á uso ou servizo público. O art. 80 sinala que os bens comunais e demais bens de dominio público son inalienábeis, inembargábeis e imprescriptíbeis . No mesmo senso pronúnciase a Lei 5/97 de 22 de xullo da Administración Local de Galicia no Art. 263, concretando como bens de uso público local os camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, fontes e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xeral dos que a conservación e policía sexan competencia da Entidade Local.

Por outra banda o Código Civil configura como bens de uso público nas Provincias e Pobos os camiños provinciais ou veciñais, as prazas, rúas, fontes e augas públicas, paseos e obras públicas de servizos xerais, costeadas polos mesmos pobos ou provincias.

Cuarto.- Conseqüentemente co exposto, non procede o solicitado polo interesado, ao ter por obxeto a reclamación formulada un ben, que pola súa natureza xurídica integra o dominio público municipal.

Quinto.- Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do presente expediente a Xunta de Goberno Local de acordo co artigo 127 j da Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local.

Por todo o anteriorment exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Desestimar a solicitude de D. Angel Alonso González de descatalogación do lavadeiro sito en Cambeses-Lavadores, ao tratarse dun ben de natureza demanial de uso público.

2º.- Dar traslado da presente resolución ao Servizo de Vías e Obras, a fin de que acometa as obras de mantemento e conservación que sexan necesarias ao citado lavadeiro.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1584).- AUTORIZACIÓN Á FUNDACIÓN GALEGA DO METAL PARA A SUBSTITUCIÓN DO ASCENSOR NO INMOBLE MUNICIPAL SITO NA AVDA. RAMÓN NIETO ESQUINA RÚA DA VÍA. EXPTE. 17916/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 25.10.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e o concelleiro de Patrimonio, que di o seguinte:

Primeiro.- En data 08-06-2006 asinouse polo Concello de Vigo un contrato de cesión, a prol da Fundación Galega do Metal (FORMEGA), do dereito de uso do elemento 2 da parcela na Avd. Ramón Nieto esquina rúa da Vía desta cidade, rexistrado no Inventario Municipal de Bens e Dereitos co código de propiedade 000136.

Segundo.- Pola Fundación Galega do Metal solicitouse, en data 13-09-2006, autorización para realizar as obras necesarias para a substitución do ascensor antigo no oco existente por un ascensor novo.

Terceiro.- Polo departamento de Participación Cidadá, o 25-09-2006, infórmase favorablemente dita solicitude. Así mesmo polo Servizo de Electro Mecánicos infórmase o 23-10-2006 que non existe inconveniente en autorizar a realización das obras de substitución do ascensor no inmóbel do Mercado Municipal de Cabral, onde se ubica a Fundación Galega do Metal, debendo asumir dita Fundación o coste da súa realización, da legalidade e posta en servizo, mantemento e consumo da enerxía eléctrica.

Cuarto.- De acordo co contrato asinado, na cláusula 1ª punto 6º, contéplase que para a realización de calquera obra ou mellora no local cedido, é preciso informar previamente á Concellería de Participación Cidadá e obter as autorizacións ou licenzas municipais que procedan, sendo de conta da Fundación a totalidade dos gastos derivados das mesmas. As obras e instalacións executadas revertirán integramente á Administración municipal no momento en que remate a cesión de uso.

Quinto.- Por todo o anteriormente exposto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Autorizar á Fundación Galega do Metal a realización das obras necesarias para a substitución do ascensor antigo por outro novo no inmóbel sito na Avd. Ramón Nieto esquina rúa Vía, desta cidade de Vigo.

Segundo.- As obras executaránse de acordo coas características técnicas e planos achegados ao informe do Servizo de Electro Mecánicos de data 23 de outubro de 2006 e baixo a supervisión deste, debendo comunicar Formega á Unidade de Patrimonio a data do seu remate, e achegar un informe conformado polo técnico municipal supervisor das obras realizadas.

Terceiro.- As obras de instalación autorizadas quedaran de propiedade do Concello de Vigo, sen dereito ningún pola Fundación Galega do Metal ao seu reembolso ou indemnización.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1585).- RECURSOS REPOSICIÓN INTERPOSTOS CONTRA O ACTO QUE ANUNCIA A CONCESIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DE ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS E ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE APROBACIÓN DOS PREGOS. EXPTE. 72151/210.

A) RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POLAS EMPRESAS “GESTIÓN E URBANIZACIÓN DE POLÍGONOS S.L.” E “GESTIÓN Y PROMOCIÓN DE PARKINGS Y APARCAMIENTOS S.L.” CONTRA O ACTO POLO QUE SE ANUNCIA A CONCESIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DE ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno local, do 8.11.06, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data de rexistro de entrada do 19 de outubro de 2006 AS EMPRESAS "GESTION E URBANIZACIÓN DE POLÍGONOS S.L. E GESTIÓN Y PROMOCIÓN DE PARKINS Y APARCAMIENTOS S.L.", , interpuxeron recurso de reposición, con idéntico contido, contra acto polo que se anuncia a concesión da xestión do servizo de

estacionamento de vehículos mediante a construción e posterior explotación de seis aparcamentos subterráneos de uso mixto e outro máis para residentes en diferentes lugares da cidade.

O recursos baséanse nas seguintes alegacións:

- 1. Restricción da libre concorrancia, en supostos como división en lotes, presentación de proxectos e custos de reserva extraordinaria e de mantemento.*
- 2. Incumprimento da necesidade de individualización do obxecto de contrato.*
- 3. Configuración como contrato de xestión de servizos públicos.*

Por último no escrito de presentación do recurso solicitan a suspensión da execución de dito acordo.

A Xunta de Goberno do día 6 de novembro de 2006 acordou, tendo en conta a complexidade das proposicións que deben ser presentadas polos licitadores que en todo caso deben incorporar as súas ofertas os proxectos básicos dos distintos aparcadoiros de cada lote e o feito de que recentemente concluíran os traballos de prospección e sondaxe do subsolo dos ámbitos onde se localizarán as distintas instalacións recomenda fortalecer e impulsar o principio de concorrancia competitiva do concurso convocado ao obxecto de facilitar o estudo e traballo dos posibles licitadores, acordou:

Prorrogar o prazo de presentación de proposicións do concurso para a construción de seis aparcamentos subterráneos, fixando como data límite a eses efectos a do 15 de decembro de 2006.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. Lexitimación.

Agás nos supostos nos que o ordenamento xurídico reconece a acción pública é necesario que o recorrente teña a condición de interesado. Así a S. de 29 de setembro de 1997 di que a relación unívoca entre o suxeito e o obxecto coa que se define a lexitimación comporta que o acto que en definitiva se dicte produza de modo inmediato un efecto positivo (beneficio) ou negativo (prexuízo), actual o futuro, pero certo (S. de 1 de outubro de 1990), e presupón polo tanto que a resolución administrativa poida repercutir, directa ou indirectamente, pero de modo efectivo e acreditado, é dicir, non meramente hipotético, potencial e futuro, na correspondente esfera xurídica de quen se persoa (S. de 4 de xaneiro de 1991). Na mesma liña poden citarse as Ss. de 17 de marzo e 30 de xuño de 1995 e 12 de febreiro de 1996, entre outras moitas.

E necesario, por conseguinte, que do acto administrativo que poida dictarse se derive un beneficio ou se evite un prexuízo. O que dependerá da posición que se adopte no procedemento.

No recurso que se examina o recorrente non xustifica, nin sequera alega, a súa consideración de interesado aos efectos do que sinala o artigo 107 da Lei 30/1992, reducindo as súas alegacións a cuestión de legalidade dunha concreta contratación administrativa.

Segunda. Restriccións da libre concorrancia e individualización do obxecto do contrato.

A publicidade e libre concorrancia queda garantida co cumprimento das disposicións legais aplicables, incluíndo, para dar cumprimento ao disposto no artigo 158.2, como contrato de xestión de servizos que comprende a execución de obras, os preceptos de publicidade para o contrato de concesión de obras públicas

A agrupación en lotes, a obriga de presentar no prazo de un mes un proxecto básico de tres aparcadoiros, a reserva extraordinaria de mantemento, o seguro-póliza de obra civil e o aval de garantía e canon por praza que se esixen parecen encontrarse dentro dos límites da discrecionalidade administrativa do Concello e no uso das súas prerrogativas para contratar.

Sobre os requisitos de solvencia técnica pode consultarse o Informe da JCCA 13/1998, do 30 de xuño, sobre a experiencia como criterio de aptitude ou admisión, pero non de selección do adxudicatario.

Sobre o prazo de un mes para a presentación dun proxecto básico, como consta nos antecedentes, foi prorrogado pola Xunta de Goberno do día 6 de novembro de 2006.

Terceira. Natureza do contrato.

O servizo de aparcadoiro ten carácter de servizo público local, é así é recoñecido pola xurisprudencia, como na Sentenza do TS do 6 maio de 1999, onde se di:

O concepto restrictivo de servizo público sobre o que xira súa argumentación, coincidente coa acepción especial de servizo público esencial, isto é, de sectores de actividade reservados en principio, con ou sen monopolio, á iniciativa e xestión da entidade pública (véxase artigo 128.2 CE), non se compadece co concepto legal do art. 85.1 da Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das Bases do Réxime Local, segundo o cal « son servizos públicos locais cantos tenden á consecución dos fins sinalados como da competencia das Entidades locais », sendo de destacar a clara conexión que mantén o servizo de aparcadoiro público coa competencia sobre « a ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas », que o art. 25.2 b) da mesma lei atribúe aos municipios; e elo sen esquecer que este mesmo precepto describe con carácter xeral a competencia municipal incluíndo nela a prestación de « cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal », non sendo posible descoñecer que entre as necesidades actuais da poboación urbana figura a de dispor de servizos de aparcadoiros público. E en canto á xurisprudencia, fronte á única sentenza que cita o motivo, alusiva ao concepto estricto de servizo público ao que antes se fixo referencia, é abundante a xurisprudencia que cualifica especificamente como servizo público municipal a actividade de aparcadoiro público prestada por particulares en réxime de concesión sobre terreos de dominio público, podendo citarse neste sentido, ademais da S 27 de xullo de 1983 que cita a recorrida, as de 8 de novembro 1990 e 11 de marzo e 12 de xuño de 1991, e as nelas citadas. Non pode aceptarse, pois, que a sentenza recorrida fora de indebida aplicación do art. 115.4 del RSCL.

En relación coa concesión é explotación de obras públicas no ámbito dos contratos de xestión de servizos públicos, seguindo os informes da Xunta Superior de Contratación administrativa da Generalitat Valencia (números 3/2004, do 11 de marzo de 2004, e 9/2004, do 27 de setembro, podemos considerar que o artigo 158.2 da Lei 2/2000, do 16 de xuño (TRLCAP), remite ao contrato de concesión de obra pública naqueles supostos nos que a xestión do servizo leve apareladas obras o que pode levar a confusión en relación coa Lei 13/2003, do 23 de maio, e a súa incardinación no TRLCAP, polo que debe terse en conta que en ambos casos estamos ante contratos mixtos que participan do contrato de obras e do contrato de xestión de servizos públicos e que o artigo 158.2 non fai mais que reflectir a posibilidade deste contrato mixto, pero debe destacarse que está incluído no Título dedicado á xestión de servizos públicos.

Na esfera local o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto do 17 de xuño de 1955 (artigos 113 a 137) constitúe normativa específica no ámbito das concesións de obras e explotación do servizo ao que estiveran afectas, se ben a contratación deberá rexerse en todo punto pola lexislación de contratos das Administracións Públicas, debendo conter todas aquelas actuacións preparatorias que marca a citada norma, incluída a publicidade comunitaria das obras, no seu caso.

O prazo está dentro do previsto no artigo 157 da Lei 2/2000, do 16 de xuño (TRLCAP) para os contratos de xestión de servizos públicos.

Cuarta. Suspensión do acto.

Polos motivos expostos non procede a suspensión da execución do acto impugnado.

Tendo en conta os antecedentes e consideracións xurídicas do presente informe, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Desestimar os recursos de reposición presentados POLAS EMPRESAS "GESTION E URBANIZACIÓN DE POLÍGONOS S.L. e GESTIÓN Y PROMOCIÓN DE PARKINS Y APARCAMIENTOS S.L." contra o acto polo que se anuncia a concesión da xestión do servizo de estacionamento de vehículos, non procedendo a suspensión do acto impugnado.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

Desestimar os recursos de reposición presentados POLAS EMPRESAS "GESTION E URBANIZACIÓN DE POLÍGONOS S.L. e GESTIÓN Y PROMOCIÓN DE PARKINS Y APARCAMIENTOS S.L." contra o acto polo que se anuncia a concesión da xestión do servizo de estacionamento de vehículos, non procedendo a suspensión do acto impugnado.

B) RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POLA EMPRESA "PARKING ROSALÍA DE CASTRO S.L." CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 14.08.06 DE APROBACIÓN DOS PREGOS DO CONCURSO PARA EXECUCIÓN DE OBRA E XESTIÓN DO SERVIZO DE APARCAMENTOS, EN DOUS LOTES.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno local, do 8.11.06, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data de rexistro de entrada do 16 de outubro de 2006 "PARKING ROSALÍA DE CASTRO S.L.", representada por D. José Luis Varela Paz e D. Alberto Moreno García, interpuxo recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno local do 14 de agosto de 2006 de aprobación dos pregos do concurso para execución de obra e xestión do servizo de aparcamentos, en dous lotes de tres.

O recurso di interperse na súa condición de titular do aparcamento subterráneo emprazado no subsolo da rúa Rosalía de Castro.

O recurso basease nas seguintes alegacións:

- 1. Prescídese do procedemento legalmente establecido.*
- 2. Contén un prazo superior a aquel que a Lei de Contratos marca para as concesións de obras públicas.*
- 3. Restricción da libre concorrancia.*
- 4. Inviabilidade económica das concesións.*
- 5. Necesidade de previsión no planeamento urbanístico.*

Por último no escrito de presentación do recurso solicita a suspensión da execución de dito acordo.

A Xunta de Goberno do día 6 de novembro de 2006 acordou, tendo en conta a complexidade das proposicións que deben ser presentadas polos licitadores que en todo caso deben incorporar as súas ofertas os proxectos básicos dos distintos aparcadoiros de cada lote e o feito de que recentemente concluíran os traballos de prospección e sondaxe do subsolo dos ámbitos onde se localizarán as distintas instalacións recomenda fortalecer e impulsar o principio de concorrancia competitiva do concurso convocado ao obxecto de facilitar o estudo e traballo dos posibles licitadores, acordou:

Prorrogar o prazo de presentación de proposicións do concurso para a construción de seis aparcamentos subterráneos, fixando como data límite a eses efectos a do 15 de decembro de 2006.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. Lexitimación.

Agás nos supostos nos que o ordenamento xurídico reconece a acción pública é necesario que o recorrente teña a condición de interesado. Así a S. de 29 de setembro de 1997 di que a relación unívoca entre o suxeito e o obxecto coa que se define a lexitimación comporta que o acto que en definitiva se dicte produza de modo inmediato un efecto positivo (beneficio) ou negativo (prexuízo), actual o futuro, pero certo (S. de 1 de outubro de 1990), e presupón polo tanto que a resolución administrativa poida repercutir, directa ou indirectamente, pero de modo efectivo e acreditado, é dicir, non meramente hipotético, potencial e futuro, na correspondente esfera xurídica de quen se persoa (S. de 4 de xaneiro de 1991). Na mesma liña poden citarse as Ss. de 17 de marzo e 30 de xuño de 1995 e 12 de febreiro de 1996, entre outras moitas.

E necesario, por conseguinte, que do acto administrativo que poida dictarse se derive un beneficio ou se evite un prexuízo. O que dependerá da posición que se adopte no procedemento.

No recurso que se examina o recorrente non xustifica, nin sequera alega, a súa consideración de interesado aos efectos do que sinala o artigo 107 da Lei 30/1992, limitándose a sinalar a la titularidade do aparcamento subterráneo emprazado no subsolo da rúa Rosalía de Castro, e reducindo as súas alegacións a cuestión de legalidade dunha concreta contratación administrativa, sen que se poida considerar que a referencia a cuestións urbanísticas supoña o exercicio de ningunha acción pública.

Segunda. Procedemento legalmente establecido. Natureza do contrato.

O servizo de aparcadoiro ten carácter de servizo público local, é así é reconecido pola xurisprudencia, como na Sentenza do TS do 6 maio de 1999, onde se di:

O concepto restrictivo de servizo público sobre o que xira súa argumentación, coincidente coa acepción especial de servizo público esencial, isto é, de sectores de actividade reservados en principio, con ou sen monopolio, á iniciativa e xestión da entidade pública (véxase artigo 128.2 CE), non se compadece co concepto legal do art. 85.1 da Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das Bases do Réxime Local, segundo o cal « son servizos públicos locais cantos tenden á consecución dos fins sinalados como da competencia das Entidades locais », sendo de destacar a clara conexión que mantén o servizo de aparcadoiro público coa competencia sobre « a ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas », que o art. 25.2 b) da mesma lei atribúe aos municipios; e elo sen esquecer que este mesmo precepto describe con carácter xeral a competencia municipal incluíndo nela a prestación de « cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal », non sendo posible descoñecer que entre as necesidades actuais da poboación urbana figura a de dispor de servizos de aparcadoiros público. E en canto á xurisprudencia, fronte á única sentenza que cita o motivo, alusiva ao concepto estricto de servizo público ao que antes se fixo referencia, é abundante a xurisprudencia que cualifica especificamente como servizo público municipal a actividade de aparcadoiro público prestada por particulares en réxime de concesión sobre terreos de dominio público, podendo citarse neste sentido, ademais da S 27 de xullo de 1983 que cita a recorrida, as de 8 de novembro 1990 e 11 de marzo e 12 de xuño de 1991, e as nelas citadas. Non pode aceptarse, pois, que a sentenza recorrida fora de indebida aplicación do art. 115.4 del RSCL.

En relación coa concesión é explotación de obras públicas no ámbito dos contratos de xestión de servizos públicos, seguindo os informes da Xunta Superior de Contratación administrativa da Generalitat Valencia (números 3/2004, do 11 de marzo de 2004, e 9/2004, do 27 de setembro, podemos considerar que o artigo 158.2 da Lei 2/2000, do 16 de xuño (TRLCAP), remite ao contrato de concesión de obra pública naqueles supostos nos que a xestión do servizo leve aparelladas obras o que pode levar a confusión en relación coa Lei 13/2003, do 23 de maio, e a súa incardinación no TRLCAP, polo que debe terse en conta que en ambos casos estamos ante contratos mixtos que participan do contrato de obras e do contrato de xestión de servizos públicos e que o artigo 158.2 non fai mais que reflectir a posibilidade deste contrato mixto, pero debe destacarse que está incluído no Título dedicado á xestión de servizos públicos.

Na esfera local o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto do 17 de xuño de 1955 (artigos 113 a 137) constitúe normativa específica no ámbito das concesións de obras e explotación do servizo ao

que estiveran afectas, se ben a contratación deberá rexerse en todo punto pola lexislación de contratos das Administracións Públicas, debendo conter todas aquelas actuacións preparatorias que marca a citada norma, incluída a publicidade comunitaria das obras, no seu caso.

Terceiro. Contén un prazo superior ao de concesión de obras públicas .

O prazo está dentro do previsto no artigo 157 da Lei 2/2000, do 16 de xuño (TRLCAP) para os contratos de xestión de servizos públicos.

Cuarto. Restriccións da libre concorrencia.

A publicidade e libre concorrencia queda garantida co cumprimento das disposicións legais aplicables, incluíndo, para dar cumprimento ao disposto no artigo 158.2, como contrato de xestión de servizos que comprende a execución de obras, os preceptos de publicidade para o contrato de concesión de obras públicas

A agrupación en lotes, a obriga de presentar no prazo de un mes un proxecto básico de tres aparcadoiros e os requisitos de solvencia técnica que se esixen parecen encontrarse dentro dos límites da discrecionalidade administrativa do Concello e no uso das súas prerrogativas para contratar.

Sobre os requisitos de solvencia técnica pode consultarse o Informe da JCCA 13/1998, do 30 de xuño, sobre a experiencia como criterio de aptitude ou admisión, pero non de selección do adxudicatario.

Sobre o prazo de un mes para a presentación dun proxecto básico, como consta nos antecedentes, foi prorrogado pola Xunta de Goberno do día 6 de novembro de 2006.

Quinto. Inviabilidade económica da concesión.

De acordo co que se dispón no artigo 158.2 do TRLCAP, ao tratarse dun contrato que inclúe a execución de obras, a tramitación do expediente foi precedida da elaboración e aprobación administrativa do anteproxecto de explotación e das obras precisas, con especificación das prescricións técnicas relativas a súa realización. De esta forma dáse cumprimento ao que xa se establecía no artigo 183 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas, que determina que os proxectos de explotación deberán referirse a servizos públicos susceptibles de ser organizados con unidade e independencia funcional, e comprenderán un estudo económico-administrativo do servizo, do seu réxime de utilización e das particularidades técnicas que resulten precisas para a súa definición, que deberá incorporarse polo órgano de contratación ao expediente de contratación antes da aprobación deste último.

Desta forma tense en conta a abundante xurisprudencia que declara nulos de pleno dereito aqueles contratos nos que non se acompaña proxecto de explotación incluíndo o estudo de viabilidade económica.

Sexto. Necesidade de previsión no planeamento urbanístico.

No vixente plan xeral de ordenación, nas normas xerais de uso, capítulo 332, contemplase o uso de garaxe-aparcadoiro en subsolo de terreos de uso público, sen que pareza ser un obstáculo para a súa construción o que se establece no artigo 47.8 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no que, na súa nova redacción feita pola Lei 5/2004, do 29 de decembro, incluso se abre a posibilidade de utilizar o subsolo dos espazos públicos para aparcadoiros de utilidade privada.

Neste sentido pode citarse a sentenza do TS do 6 de outubro de 2003, referente a aparcadoiros na cidade de Barcelona, no que se alegaba infracción do artigo 73.2. a) do Real Decreto Lexislativo 1/1992, do 26 de xuño, sobre a determinación nos plans xerais da previsión de aparcamentos públicos e privados. Unha norma semellante contense nos artigos 54 e 55 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, se ben permitindo que os aparcadoiros de titularidade pública poidan localizarse incluso no subsolo dos sistemas viarios e de espazos libres, sempre que non interfiran no uso normal destes sistemas nin supoñan a eliminación ou o traslado de elementos físicos ou vexetais.

Sétimo. Suspensión do acto.

Polos motivos expostos non procede a suspensión da execución do acto impugnado.

Tendo en conta os antecedentes e consideracións xurídicas do presente informe, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Desestimar o recurso de reposición presentado pola empresa "PARKING ROSALÍA DE CASTRO S.L." contra acordo da xunta de goberno do 14 de agosto de 2006 de aprobación dos pregos do concurso para execución de obra e xestión do servizo de aparcamentos, en dous lotes de tres, non procedendo a suspensión da execución do acto impugnado.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

Desestimar o recurso de reposición presentado pola empresa "PARKING ROSALÍA DE CASTRO S.L." contra acordo da Xunta de Goberno do 14 de agosto de 2006 de aprobación dos pregos do concurso para execución de obra e xestión do servizo de aparcamentos, en dous lotes de tres, non procedendo a suspensión da execución do acto impugnado.

10(1586).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DE DIVERSOS SERVIZOS MUNICIPAIS. EXPTE. 16760/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 3.11.06, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o gasto por un importe de 7.719,43 € correspondente ás indemnizacións por desprazamento no termo municipal por razóns do servizo do persoal municipal, correspondentes aos servizos de Limpeza, Vías e Obras, Seguridade, Educación, Estatística, Participación Cidadá, Benestar Social, Cemiterios, Parque Mobil, Conserxería e Contratación, con cargo á clasificación económica do orzamento 231.00.00 -Gastos de Locomoción.

FUNCIONAL	SERVICIO	IMPORTE
4420	Limpieza	768,23
5110	Vías e Obras	3.025,10
2220	Seguridade	726,56
4220	Educación	402,23
5510	Estatística	39,52
4631	Participación cidadá	77,71
3130	Bienestar Social	73,72
4430	Cemiterios	422,56
1212	Parque Mobil	432,14
1210	Conserxería	1.463,00
1211	Contratación	288,66
		7.719,43

11(1587).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA SOBRE GRATIFICACIÓNS POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO DE 2006. EXPTE. 16762/220.

Dáse conta da resolución da Excma. Alcaldesa, do 3.11.06, en relación co asunto de referencia que di o seguinte:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal do Servizo de Extinción de Incendios, aboaranse os traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don Carlos Abalde Fernández e remata por don José B. Villaverde Veleiro, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes o mes de OUTUBRO-2006, por un total de 32.059'20 €, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

12(1588).- ABOAMENTO DE ATRASOS DERIVADOS DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO ACORDO REGULADOR EN RELACIÓN Ó TRABALLO REALIZADO NAS DATAS DE NADAL. EXPTE.16756/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 2.11.06, conformado polo primeiro tenente de Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar, ao abeiro do acordo adoptado polo Pleno do Concello en data 31 de marzo do 2006 (BOP nº 106 de 5 de xuño de 2006) o aboamento dos atrasos devengados polo persoal que traballou entre *entre as 22.00h do día 24 de decembro e as 15.00h do día 25 de decembro, e no mesmo horario os días 31 de decembro do ano 2005 e 1 de xaneiro de 2006* en canto aos importes da hora traballada previstos nos parágrafos 16.B.a) do Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ó servizo do Concello de Vigo, cunha contía fixada en 120 euros.

2º.- Ordenar o aboamento efectivo dos importes referenciados consonte aos cálculos efectuados polos diferentes servizos municipais e remitidos á Unidade de Persoal debidamente conformados polos xefes e concelleiros-delegados de cada un deles para súa comprobación, sendo os que seguidamente se relacionan:

SERVIZOS	CANTIDADE ABOAR
EXTINCIÓN DE INCENDIOS	550.37 €
CEMITERIOS	222.49 €
MONTE, PARQUES E XARDÍNS	70.26 €
PARQUE CENTRAL	35.12 €
REXISTRO XERAL	11.71 €
POLICIA LOCAL	1.779.92 €
IMPORTE TOTAL	2.669.87 €

3º.- Dar conta do presente acordo á Intervención Xeral e servizos afectados aos efectos oportunos.

4º.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES contados dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

13(1589).- SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DA CAUSA DE EXCEDENCIA FORZOSA DA TRABALLADORA D^a. M^a XOSÉ PORTEIRO GARCÍA. EXPTE. 16764/220.

Examinadas actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 6.11.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. *En escrito de data 30/10/2006 (documento nº 60112817) D^a María Xosé Porteiro García, con DNI 35.996.629-L e nº de persoal 76.562, traballadora municipal suxeita ao réxime laboral en situación de excedencia forzosa por desempeño de cargo público como concelleira neste Concello de Vigo dende o 14 de xuño do 2003, solicita a modificación da causa da excedencia na cal se atopa, toda vez que na actualidade ostenta a condición de deputada nas Cortes Xerais.*

A efectos acreditativos, a interesada adxunta fotocopia da tarxeta identificativa de deputada en Cortes para a VIII Lexislatura Constitucional.

2. *En sesión ordinaria do pasado 30 de outubro do 2006, o Pleno do Concello acordou tomar coñecemento do escrito presentado por D^a María Xosé Porteiro García (documento nº 60112491-entrada o 30/10/2006) no cal renuncia ao seu cargo de concelleira do Grupo Municipal do PSG-PSOE no Concello de Vigo.*

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1. *Consonte ao disposto no artigo 46.1 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, a situación de excedencia forzosa prodúcese pola designación ou elección para un cargo público que imposibilite a asistencia ao traballo, xenerando o dereito á reserva do posto de*

traballo e ao cómputo da antigüidade da súa vixencia. O reingreso deberá de ser solicitado dentro do mes seguinte ao do cese no cargo público.

II. Dado que a traballadora solicitante renunciou expresamente á súa condición de concelleira no Concello de Vigo, renuncia da cal tomou coñecemento o Pleno en sesión de data 30/10/2006, e considerando as atribucións que en materia de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, introducido pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e a proposta do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal segundo dispón o apartado segundo, IV. A) 13 do Decreto da Alcaldía de 2 de xaneiro de 2005, sométese ao criterio decisorio da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Declarar a D^a María Xosé Porteiro García, con DNI 35.996.629-L e nº de persoal 76.562, traballadora municipal suxeita ao réxime laboral que se atopa en situación de excedencia forzosa por desempeño de cargo público como concelleira neste Concello de Vigo dende o 14 de xuño do 2003, na situación de excedencia forzosa por ostentar a condición de deputada nas Cortes Xerais para a VIII Lexislatura Consitucional, de conformidade cos antecedentes e fundamentos do presente acordo.

SEGUNDO.- Informar á traballadora que, consonte ao establecido no artigo 46.1 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto

Refundido do Estatuto dos Traballadores, a situación de excedencia forzosa por desempeño de cargo público xenera o dereito á reserva do posto de traballo e ao cómputo da antigüidade da súa vixencia, habendo de solicitar o reingreso dentro do mes seguinte ao do cese no cargo público.

TERCEIRO.- Dese traslado do presente acordo á Intervención xeral, á interesada e servizos afectados.

CUARTO.- Contra o presente acordo poderanse interpoñer os recursos recollidos no Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, do Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, previo esgotamento da vía administrativa previa ao exercicio de accións en sede xurisdiccional laboral contemplado no artigo 120 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, sen prexuízo de todas aquelas que se estimen procedentes.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1590).- AXUDAS ESPECIAIS DO FONDO SOCIAL. EXPTE. 16679/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o acordo da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do 7.08.06, o informe de Intervención Xeral do 7.11.06, e de conformidade co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 2.11.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o aboamento das seguintes axudas especiais con cargo ó Fondo Social (segundo bases de distribución para o presente ano, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión do día 12 de xuño de 2006), ós seguintes traballadores:

NOME E APELIDOS	Nº DI	Nº PERSOAL	€
ALONSO IGLESIAS MANUEL	36036055	23047	1.350
ALONSO VILA ANGEL LUIS	36048400	22480	835
ALVAREZ PRIETO M CARMEN	36047922	18709	1.300
BLANCO BEJEGA M DOLORES	35546768	21752	550
CODESIDO RODRIGUEZ JOSE F	36081823	19399	157
COSTA RIVERO JOSE M	36051694	20971	700
FERNANDEZ DIAZ LISARDO	36053193	78139	1.260
MARTINEZ GIRALDEZ GABRIEL	34872355	77219	610
MERINO VAELO DANIEL	35454356	79403	750
PEREZ RODRIGUEZ CARLOS	36066924	22964	490
PUIME CUTRIN PABLO	36018862	14232	1.070
RODRIGUEZ GRANJA JOSE JULIO	36000922	13540	750
RODRIGUEZ VAZQUEZ JAIME	10017163	76570	600
VAZQUEZ PAZO MODESTO	36063855	77034	750
VICENTE RODRIGUEZ CAROLINA	36080915	22119	1.236
VIDAL TRIGO ANTONIO	36026112	14261	300
TOTAL			12.708

15(1591).- NOMEAMENTO DE ASESOR DA COMISIÓN DE VALORACIÓN PARA O CONCURSO DE TRASLADOS DO ANO 2005, PARA O POSTO DE XEFE DA OFICINA DE XEFATURA DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. EXPTE. 16770/220.

Dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización da Unidade de persoal do 8.11.06, conformado pola xefa de dita Unidade, que di o seguinte:

ANTECEDENTES.-

Con data 30 de decembro do 2005, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria urxente acordou aprobar as bases do Concurso de Traslados correspondente ó ano 2005, que fóron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de data 20 de enero do 2006.

...”Na cláusula IV das devanditas bases, figura que a Comisión de valoración estará integrada por tres representantes designados pola Corporación e tres do órgano de representación unitaria do persoal con titulación igual ou superior á esixida para o acceso ó posto, e presidida polo alcalde ou concelleiro en quen delegue. Será secretario o do Goberno Local ou técnico de administración xeral que designe a Xunta de Goberno Local e participará como asesor o xefe do servizo ou técnico cualificado, ámbolos dous con voz e sen voto.

Xunto cos titulares da comisión deberán designarse os correspondentes suplentes.

A comisión de valoración contará coa asistencia técnico-administrativa dun funcionario/a da Unidade de Persoal do concello, nomeado a tal efecto polo órgano convocante, con competencias de ordenación administrativa cara o desenvolvemento das distintas probas. Ditas funcións se exercerán sempre dacordo coas instrucións recibidas pola Comisión de Valoración, a instancia do seu Presidente..

A comisión propondrá ó organismo municipal competente os traslados a efectuar e a súa proposta será vinculante sempre que se axuste a dereito....”

En consecuencia, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de 29 de maio de 2006, adoptou acordo designando os membros da Comisión de Valoración para o dito Concurso de Traslados (presidente, secretario, vocais representantes da Corporación e do órgano de representación unitario de persoal e asesores para os distintos postos obxecto do Concurso).

Nembargantes, o mesmo órgano, con data 21 de agosto de 2006, acordou a acumulación ó Concurso de Traslados do ano 2005, do posto de “xefe de oficina da xefatura da Xerencia”, que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia o 5 de setembro pasado, polo que faise necesario nomear un novo asesor da Comisión de Valoración para o dito posto.

Considerando as atribucións que en materia de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local, segundo establece o artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e a proposta do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, sométese ao criterio da mesma a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Designar como asesor da Comisión de Valoración para ó Concurso de Traslados correspondente ó ano 2005, para o posto de “xefe de oficina de xefatura da Xerencia, ós seguintes: titular: D. Francisco de Cominges Cáceres, Secretario do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e suplente a D^a M^a José Loureiro Bada, técnica de administración xeral do concello de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1592).- PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL, OUTUBRO-DECEMBRO 2006. EXPTE. 16766/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.10.06, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 19.10.06, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de acordo ó previsto no artigo 166 da Lei 39/1988, de 28 de decembro por un importe total de 30446,12 €, conducentes a execución das accións formativas seguintes, con cargo á

partida orzamentaria 1211.1620000, destinada a realizacion de cursos de formacion para o persoal municipal:

CURSO	DESTINARIOS	H	IMPORTE MAX
Curso Basico de Rescate para Intervencions en lugares de dificil acceso	Extincion de incendios e Salvamento	24	8.706,00
Seguridade e Hixiene no manexo das motosierras”	Montes, Parques e Xardins	20	2733,52
Conduccion eficiente de vehiculos	Oficiais conductores, policia local e persoal en xeral	4	2.860,00
Medida e facturacion electrica	Persoal servizos electromecanicos	24	2.160,00
Casos Practicos de Dereito Administrativo (nivel I)	Todo o persoal	20	1.600,00
Curso de capacitacion para apliadores de plaguicidas de uso ambiental e uso en industria alimentaria	Persoal desinfeccion		5220
formacion avanzada do seu persoal en cuestionese tecnicas de laboratorio (validacion, incertidumbre...etc),	Laboratorio Municipal	20	7166,6
	Total		30446,12

2º.- Autorizar o gasto de acordo ó previsto no artigo 166 da Lei 39/1988, de 28 de decembro por un importe total de 10200.00 €, conducentes a execución das accións formativas destinadas a formacion da Policia Local que siguen, con cargo á partida orzamentaria 222.1620000.

Curso	Horas	Importe
Carnet por Puntos	75	4.500 €
Curso para seccion de praias	16	960 €
Tecnicas de Intervencion en masas	24	1.440 €
Tiro	35	2.100 €
Violencia de xenero	20	1.200 €
Total		10.200 €

3º.- Autorizar o réxime simplificado de contrato menor de servizos por razón da contía de acordo ó previsto no artigo 56 en relación co artigo 201 do R.D.L. 2/2000, de 16 de xuño de Contratos das Administracións Públicas e adxudicar a contratacion dos servizos para impartir os cursos seguintes:

CURSO	H	IMPORTE MAX	FORMADOR	CIF	PARTIDA
Curso Basico de Rescate para Intervencions en lugares de dificil acceso	24	8.706,00 €	Kreitton	B 8291624	12111620000
Seguridade e Hixiene no manexo das motoserras”	20	2733.52.-€	Servicios Enseñanza Pontevedra S.L.	B36383347	12111620000
Conduccion eficiente de vehiculos	4	2.860,00 €	FAIMEVI	G-36921278	12111620000
Curso de capacitacion para aplicadores de plaguicidas de uso ambiental e uso en industria alimentaria	1	5220.00 €	BIOCONTROL	B 32791931A	12111620000
formacion avanzada do seu persoal en cuestiones tecnicas de laboratorio (validacion, incertidumbre...etc),	1	7166.66 €	Gabinete de Servicios para la Calidad	A-80858103	12111620000

En ningún caso, a execución dará lugar a fraccionamento do obxecto do contrato (art. 68 do R.D.L. 2/2000, de 16 de xuño de Contratos das Administracións Públicas), entendéndose que os expedientes deben abarcar a totalidade do obxecto, comprendendo todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a execución do contrato.

4º.- Autorizar a prestación de servizos para a impartición das accións formativas a realizar dentro do Plan de Formación do Concello de Vigo, segundo a lexislación vixente, dos seguintes formadores:

Programa formación Policía Local:

CURSO	HORAS	FORMADOR	NIF/CIF	IMPORTE	PARTIDA	RC
Violencia de xenero	2	Felisa Balboa Cardoso	35555068R	120 €	2222,1620000	28010
Violencia de xenero	2	Azucena Malvido Cardoso	78739579E	120 €	2222,1620000	28010
Violencia de xenero	4	Jose Armando Garcia Veiro	36092316A	240 €	2222,1620000	28010
Curso para seccion de praias	4	Jose Armando Garcia Veiro	36092316A	240 €	2222,1620000	28010
Curso para seccion de praias	4	Adolfo Hermida Araujo	36043209R	240 €	2222,1620000	28010
Curso para seccion de praias	4	Manuel Gonzalez Garcia	34938829N	240 €	2222,1620000	28010
Tiro	10,5	Francisco Martinez Muñoz	36023165J	630 €	2222,1620000	28010
Tiro	10,5	Jose Bouzas Novas	36026948R	630 €	2222,1620000	28010
Tiro	10,5	Manuel Aguado Taboada	36022286P	630 €	2222,1620000	28010
Tiro	3,5	Jose Ramon Cousiño Sendin	36079336H	210 €	2222,1620000	28010
Carnet por Puntos	30	Francisco Martinez Muñoz	36023165J	1800 €	2222,1620000	28010
Carnet por Puntos	22,5	Alberto Carballo Acuña	36069952H	1350 €	2222,1620000	28010
Carnet por Puntos	22,5	Francisco Javier Carballo Acuña	36076760H	1350 €	2222,1620000	28010
Violencia de xenero	4	Ana Barral Picado	10880665D	240 €	2222,1620000	28010
Violencia de xenero	4	Natividad Gurriaran Fernandez	10593851M	240 €	2222,1620000	28010

CURSO	HORAS	FORMADOR	NIF/CIF	IMPORTE	PARTIDA	RC
Violencia de xenero	4	Juan Carlos Aladro Fernandez	9721812B	240 €	2222,1620000	28010
Tecnicas de Intervencion en masas	16	Jose Antonio Fuentes Gonzalo	71005320L	240 €	2222,1620000	28010
Tecnicas de Intervencion en masas	8	Vicente Alló Barona	33299721E	240 €	2222,1620000	28010

Plan Formación destinado a todo o persoal:

Curso	destinatarios	Horas	NOme	NIF	Importe	Partida
Medida e facturacion electrica	Persoal serv. Electromec.	24	Ruben Fernandez Vayo	36106999X	2160	12111620000
Casos Practicos de Dereito Administrativo (nivel I)	Todo o persoal	20	Gustavo R Bartol	36062060-S	1600	12111620000

17(1593).- DELEGACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA PRIMEIRA TENENCIA DA ALCALDÍA DA ASIGNACIÓN DE GRATIFICACIÓNS POR SERVIZOS EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL ADSCRITO Ó SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE. 16774/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 9.11.06, que di o seguinte:

1. En acordo de data 26 de xaneiro do 2004, a Xunta de Goberno Local acordou delegar na Alcaldía-Presidencia a competencia para aprobar as gratificacións por servizos extraordinarios do persoal adscrito ao Servizo de Extinción de Incendios en concepto de exceso de xornada anual estrutural.

2. Por Decreto da Alcaldía-Presidencia de data 23/10/2006 foron delegadas diversas atribucións no primeiro Tenente de Alcalde, entre as que se atopa (apartado segundo) calquera resolución que deba adoptarse en virtude da superior dirección do persoal ao servizo da Administración municipal que non haxan sido delegadas ao Concelleiro-delegado da Área da resolución da propia Alcaldía de data 2 de xaneiro do 2004, tales como a sinatura da toma de posesión, sinatura de contratos, recoñecemento da antigüidade, autorización da realización de horas extras e outras de carácter similar.

3. Lémbrese que a competencia para a asignación das gratificacións por servizos extraordinarios do persoal adscrito ao Servizo de Extinción de Incendios en concepto de exceso de xornada anual estrutural é exercida pola Alcaldía-Presidencia en virtude de delegación da Xunta de Goberno Local efectuada en acordo de data 26 de xaneiro de 2004,

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. Sen prexuízo do contido no Decreto da Alcaldía de 23 de outubro do 2006 en canto á delegación na primeira tenencia da Alcaldía das atribucións sinaladas no antecedente segundo, cómpre salientar que a competencia para a asignación das gratificacións por servizos extraordinarios do persoal adscrito ao Servizo de Extinción de Incendios en concepto de exceso de xornada anual estrutural reside orixinariamente na Xunta de Goberno Local, toda vez que é este órgano colexiado o competente para a aprobación das retribucións do persoal municipal ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Considerando que as competencias que se exercen por delegación son á súa vez indelegables salvo autorización expresa dunha Lei, tal e como recolle o artigo 13.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, parece obvia a necesidade de que –a efectos de axilidade administrativa- a dita competencia para asignar as gratificacións por servizos extraordinarios do persoal adscrito ao Servizo de Extinción de Incendios en concepto de exceso de xornada anual estrutural sexa delegada no primeiro Tenente de Alcalde, previa avocación da mesma pola Xunta de Goberno no seu favor (artigo 14 da propia Lei 30/1992 xa citada).

II. Visto o anteriormente exposto, por parte desta Unidade de Persoal elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Avocar a competencia para a aprobación das gratificacións por servizos extraordinarios do persoal adscrito ao Servizo de extinción de Incendios en concepto de exceso de xornada anual estrutural, delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de xaneiro do 2004 na Alcaldía-Presidencia.

Segundo.- Delegar expresamente a sinalada competencia para a aprobación das gratificacións por servizos extraordinarios do persoal adscrito ao Servizo de Extinción de Incendios no primeiro Tenente de Alcalde nos termos do previsto no artigo 13 da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1594).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE SOBRE DESIGNACIÓN DE ASESOR DA COMISIÓN DE VALORACIÓN PARA O CONCURSO DE TRASLADOS DO ANO 2005, PARA O POSTO DE “OFICIAL DE CONTROL DE SEGURIDADE” PARA RATIFICACIÓN. EXPTE. 16777/220.

Dáse conta do Decreto do primento tenente de Alcalde, do 9.11.06, sobre o asunto de referencia que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, con data 29 de maio de 2006, adoptou acordo designando membros da Comisión de Valoración para o Concurso de Traslados do ano 2005 (presidente, secretario, vocais representantes da Corporación e do órgano de representación unitario do persoal e asesores para os distintos postos obxecto do dito Concurso.

Con posterioridade ó citado acordo, os dous asesores nomeados para o posto de traballo de “oficial control de seguridade” (titular e suplente), foron adscritos a distintos postos de traballo, polo que é necesario a designación de novos asesores (titular e suplente).

En uso das atribucións que me están conferidas pola vixente lexislación,

RESOLVO:

Primeiro.- Designar como asesor da Comisión de Valoración para o Concurso de Traslados correspondente ó ano 2005, para o posto de “oficial de control de seguridade”, ós seguintes: titular: D^a María del Carmen Pintado García, xefa da área de Seguridade e Mobilidade e suplente a D. Ramón Fernández-Linares Bouza, xefe do servizo de Mobilidade e Seguridade.

Segundo.- Someter a presente resolución a ratificación da Xunta de Goberno Local.

Acordo

A Xunta de Goberno local ratifica a presente resolución do primeiro tenente de Alcaldía.

19(1595).- PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POR TAXACIÓN CONXUNTA DE FINCAS NON INCORPORADAS Á UA 3 CHANTADA. RECLAMACIÓN DE XUROS DE MORA. EXPTE. 148/413.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 27.10.06, que di o seguinte:

FEITOS

1º.- En data 20/03/2003, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou: “(...) Aprobar definitivamente o proxecto expropiatorio de fincas non incorporadas á U.A. 3 Chantada, promovido pola Xunta de Compensación dese polígono, redactado polos arquitectos A. Davila, J. Cordeiro, E. Filgueira, C. Jiménez e L. Meijide (Expte. 148/413) ...”.

2º.- No 25/04/2003 D^a Amparo Oitabén Abalde presentou folla de aprecio contradictoria sobre o prezo xusto da finca expropiada núm. 56. Previo traslado dunha copia da mesma á Xunta de Compensación, foi rebatida por ésta nun Informe presentado na Xerencia de Urbanismo no 16/05/2003.

3º.- No día 24/07/2003 tivo entrada no rexistro do Xurado Provincial de Expropiación Forzosa de Pontevedra unha copia do expediente, para que se pronunciase sobre a devandita folla de aprecio contradictoria.

En data 17/01/2006 o Xurado de Expropiación Forzosa de Pontevedra dictou Resolución ao respecto, elevando o prezo xusto expropiatorio á cantidade total de 205.535,58 euros. Dita resolución foi recorrida en reposición por D^a Amparo Oitabén Abalde e pola Xunta de Compensación. No 09/05/2006 o Xurado de Expropiación Forzosa dictou unha nova Resolución estimatoria do recurso de reposición interposto por D^a Amparo Oitabén e desestimatoria do da Xunta de Compensación, fixándose con carácter definitivo o prezo xusto expropiatorio na cantidade de 228.429,75 euros.

4º.- A Xunta de Compensación entregou á expropiada o prezo xusto expropiatorio en dous pagos distintos. No día 10/02/2004, no que se outorgou a “acta de ocupación” da finca expropiada, pagoulle a D^a Amparo Oitabén o importe previsto no proxecto de taxación conxunta (47.744,25 euros) máis 778,83 euros por xuros de mora. Posteriormente, no 17/07/2006 entregóuselle a cantidade restante, de 180.685,50 euros.

5º.- En data 02/10/2006 Dª Amparo Oitabén Abalde interpuxo nesta Administración municipal solicitude de liquidación e pago dos xuros de mora pendentes que correspondan pola devandita expropiación.

Déuselle traslado dunha copia dese escrito á Xunta de Compensación, que procedeu a respostalo mediante outro presentado no 19/10/2006. Nél opúxose á solicitude da expropiada, alegando que o retraso na fixación definitiva do prezo xusto é imputable exclusivamente ao Xurado Provincial de Expropiación Forzosa de Pontevedra, que demorou case tres anos en fixalo. Engadiu que a Xunta de Compensación pagou dito importe nos prazos legais e que polo tanto a expropiada deberá dirixir a súa reclamación á Administración estatal da que depende o Xurado, responsable do retraso, e non a esta Corporación municipal.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

De conformidade co sinalado pola Xunta de Compensación da UA 3 Chantada no seu escrito do 19/10/2006 citado, procede desestima-la reclamación de xuros de mora formulada por Dª Amparo Oitabén Abalde.

O retraso na determinación do prezo xusto expropiatorio é imputable exclusivamente ao Xurado Provincial de Expropiación Forzosa de Pontevedra, dependente da Administración estatal, que demorou case tres anos en dictar Resolución sobre a valoración dos bens.

Unha vez notificada esa Resolución, a xunta de compensación pagou o importe sinalado na mesma dentro do prazo de seis meses establecido no art. 57 da Lei de Expropiación Forzosa.

É reiterada e unánime a xurisprudenza que considera que nestes casos nos que a demora na liquidación e pago do prezo xusto resulta imputable ao Xurado de Expropiación Forzosa deberá este último asumir-lo pago dos correspondentes xuros de mora, en lugar do beneficiario da expropiación. Pode así citarse coma exemplo a Sentenza do Tribunal Supremo (Sª 3ª) do 23/02/2002 (relator: Peces Morate, rec. 161/1998), na que considerou o seguinte:

“(…) la obligación de pago de los intereses de mora, como establece el art. 72.1 del Reglamento de la LEF (y no podía ser de otro modo dada la regla general contenida en el art. 121.1 de esta misma Ley) se ha de imputar al causante de la demora, de modo que, cuando lo es el Jurado, el abono de los intereses legales del justiprecio corre a cargo de éste según lo establecido por el citado art. 121.1 de la LEF. Aunque en el procedimiento de urgencia el bien o derecho puede ser ocupado con anterioridad a la tramitación del expediente de justiprecio, como permite el art. 52.6 de la LEF, ello no excusa al Jurado de su deber de fijar el justiprecio dentro de los plazos al efecto establecidos, y que, en este caso, no ha respetado, al haber tardado en resolver quinientos once días (...). En atención a todos los preceptos citados, esta Sala ha declarado insistentemente (SS 9 Feb. 1993, 17 Ene. y 24 Oct. 1994, 3 May. 1999, 23 May. y 6 Jun. 2000, 10 Feb., 17 Abr., 9 Jun. y 6 Oct. 2001, además de las referidas en la demanda) que el pago de los intereses de demora en la tramitación del justiprecio no debe recaer sobre la Administración expropiante ni sobre el beneficiario, que no sean responsables del retraso, pues el art. 56 de la LEF sólo impone a la Administración expropiante el deber de pagar los intereses de demora en la determinación del justiprecio cuando es la culpable, mientras que el art. 72.1 del Reglamento de dicha Ley, recogiendo el principio general de la responsabilidad por culpa, establece que la responsabilidad por demora en la determinación del justiprecio se imputará al causante de la misma”.

É competente para dicta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, consonte dispón o art. 127 Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adoución do seguinte A C O R D O

PRIMEIRO: Desestima-la solicitude formulada por D^o Amparo Oitavén Abalde en data 10/10/2006 de liquidación e pago dos xuros de mora correspondentes á expropiación por taxación conxunta da finca núm. 56 non incorporada á xunta de compensación da UA 3 Chantada (expte. 148/413).

SEGUNDO: Notifíqueselle este Acordo á expropiada e á Xunta de Compensación, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(1596).- CONVENIO DE RECOÑECIMENTO DE APROVEITAMENTO CO PROPIETARIO DAS PARCELAS P-005 DO PROXECTO EXPROPIATORIO DE ENSANCHE E PROLONGACIÓN DA RÚA GANDARÓN. EXPTE. 152/413.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

En data do 6 de xuño de 2003, o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente a declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación dos concretos bens e dereitos afectados polo ensanche e mellora da rúa Gandarón, entre a Avenida de Madrid e a rúa Alcalde Lavadores -implícita no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana-, incluído no convenio asinado entre esta Administración municipal e a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia en data 30.02.2000.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa sesión do 10 de outubro de 2003, acordou a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de referencia.

O día 11 e 12.12.03, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, acordou ó levantamento das actas previas á ocupación das parcelas afectadas. O pagamento dos depósitos previos se realizou o 27.10.04.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 7.02.05 púxose a disposición da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia os terreos necesarios para a execución das obras de ensanche e mellora da rúa Gandarón.

Na fase de determinación do xustiprezo, a titular da parcela P-005, D^a. Carmen Gonzalez Lago, solicita a suscripción do convenio de recoñecemento do aproveitamento urbanístico.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- I. *Procedencia da formalización de convenio de determinación do xustiprezo.- Os artigos 24 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1.954 e artigos 25 a 27 do Regulamento da devandita Lei aprobado por Decreto do 26 de abril de 1957, que admiten que o particular, a quen se refira a expropiación, e a Administración beneficiaria conveñan a adquisición dos bens ou dereitos que son obxecto*

daquela libremente e por mutuo acordo, que pode producirse en calquera momento do expediente ata que o Xurado decida sobre o xustiprezo.

- II. *Cláusulas do convenio.- Dado o avanzado estado do procedemento de aprobación do instrumento de plan xeral, procede ter en conta a clasificación e calificación urbanística da parcela polo documento en tramitación. Entre as cláusulas do convenio, é necesario salvaguardar o dereito do expropiado a percibir o importe determinado en concepto de xustiprezo, naquel caso que non se poida materializar o aproveitamento que se conserva. Xa que logo, procede incluír unha estipulación na que se fixe un determinado prazo para a aprobación definitiva do planeamento xeral. Neste caso sería unha solución posible e perfectamente legal, a de recoñecer o dereito do expropiado/a a percibir a cantidade determinada previamente nas follas de valoración pola Administración ou no seu caso polo Xurado provincial de expropiación en situacións similares.*
- III. *Procedemento para a aprobación e formalización de convenio de determinación de xustiprezo.- De acordo co previsto no artigo 84 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, procede o outorgamento dun prazo de audiencia previo á sinatura do convenio ó interesado/a. Os suxeitos expropiados deberán manifestar expresamente a conformidade coa proposta de convenio.*
- IV. *Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Tendo en conta o establecido no artigo 127.1.d da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, o órgano que ten atribuída a competencia para adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local.*

Polo tanto, procede a adopción do presente ACORDO

Primeiro.- Aprobar o modelo de convenio de recoñecemento da edificabilidade e de determinación do xustiprezo, habilitando ó Sr. Concelleiro delegado de urbanismo para a sinatura do mesmo.

Segundo.- Notificar o presente acordo ós interesados para que no prazo de quince días mostren a conformidade ou disconformidade co texto do convenio que se propoñe para a súa sinatura.

Terceiro.- Contra os precedentes acordos non procede a interposición de recurso ningún por tratarse dun acto de trámite, toda vez de que en caso de que polos expropiados que amosaron a súa preferencia pola opción do convenio non asinen aprobado no dispositivo segundo, continuará a tramitación da fixación do xustiprezo de conformidade co procedemento contradictorio de intercambio de follas de aprecio previsto nos artigos 25 e seguintes da Lei de Expropiación Forzosa.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

1º.- Aprobar o modelo de convenio de recoñecemento da edificabilidade e de determinación do xustiprezo, habilitando ó Sr. Concelleiro delegado de urbanismo para a sinatura do mesmo.

2º.- Notificar o presente acordo ós interesados para que no prazo de quince días mostren a conformidade ou disconformidade co texto do convenio que se propoñe para a súa sinatura.

3º.- Contra os precedentes acordos non procede a interposición de recurso ningún por tratarse dun acto de trámite, toda vez de que en caso de que polos expropiados que amosaron a súa preferencia pola

opción do convenio non asinen aprobado no dispositivo segundo, continuará a tramitación da fixación do xustiprezo de conformidade co procedemento contradictorio de intercambio de follas de aprecio previsto nos artigos 25 e seguintes da Lei de Expropiación Forzosa.

ANEXO

"(...) CONVENIO DE DETERMINACIÓN DE XUSTIPREZO NO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO
.....APROBADO POR ACORDO PLENARIO DE.....

Na Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, a dede.....

COMPARECEN

Dunha parte, o Sr. Concelleiro de Urbanismo, don Jose Manuel Figueroa Vila, asistido polo Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo, don

Doutra, d/donacon D.N.I., veciña enderezo na rúa

INTERVEÑEN

O Ilmo. Sr. don Jose Manuel Figueroa Vila, en representación do Concello de Vigo.

D/dona, en condición de titular do dereito de propiedade da finca número.....do proxecto expropiatorio..... Xustifica a propiedade mediante.....

Reúnen, xa que logo, os comparecentes, a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente CONVENIO, de acordo cos seguintes

ANTECEDENTES

I

D/dona manifesta que é titular en plen dominio da seguinte finca:

II

No proxecto expropiatorio figura unha finca a nome decoa seguinte descripción:

DESCRIPCIÓN:

TÍTULO:

INSCRIPCIÓN:

III

No vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo do 29 de abril de 1993 (PXOU-93) a parcela anteriormente referida figura clasificada como.....

No documento de Planeamento xeral aprobado inicialmente o 30 de decembro de 2004, clasifícase a parcela do seguinte xeito:

IV

Resulta do máximo interese para esta Administración municipal a rápida adquisición da devandita parcela, para a execución da obra.....

O ámbito no que se ubica a citada parcela trátase dun solo clasificado como

V

A parcela que se convenia está valorada pola oficina de actuacións viarias en€.

VI

A natureza deste convenio ven derivada da necesidade de determinación do xustiprezo por mutuo acuerdo, previsto no artigo 25 e seguintes do D. 26 de abril de 1957, polo que se aproba o regulamento da lei de expropiación forzosa.

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA: D.....e o Concello de Vigo acordan por mutuo acuerdo a determinación do xustiprezo da expropiación da finca descrita no segundo punto dos antecedentes, fixando o mesmo por un importe de€. Mentres non concorran as dúas circunstancias previstas no punto seguinte, o expropiado terá dereito a participar no aproveitamento urbanístico que en execución de planeamento do PERI/UE.....lle poidera corresponder ó Concello.

SEGUNDA: O pago do xustiprezo quedará demorado ata que se den simultaneamente os feitos seguintes: en primeiro lugar, transcurso de catro anos dende a formalización do presente documento e, en segundo lugar, non se dera aprobación definitiva o instrumento de planeamento xeral actualmente en redacción ou que o aproveitamento non fora materializable.

TERCEIRO: Sempre que se dean as circunstancias para o aboamento en metálico do xustiprezo, o suxeito expropiado terá dereito a unha revisión do principal inicialmente determinado, naquel caso que o Xurado de expropiación eleve en circunstancias xurídicas e físicas semellantes o importe do xustiprezo e a resolución sexa firme.

CUARTO: A sinatura do presente convenio ten os efectos previstos para o acto material de pago na Lei de 16 de decembro de 1954 de expropiación forzosa e o regulamento que a desenvolve para o pago (...)"

21(1597).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 2.10.06 POLO QUE SE APROBARON INICIALMENTE OS ESTATUTOS E BASES PARA A CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO IV PEPRI BOUZAS. EXPTE. 4661/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 31.10.06, que di o seguinte:

Por acordo de 30.09.02 o Pleno do Concello de Vigo deu aprobación definitiva o Plan especial de protección e reforma interior do casco histórico de Bouzas (expte 5826/411).

O 17.02.06 parte dos propietarios de terreos incluídos na delimitación do polígono IV do PEPRI de Bouzas, presentan escrito no que se insta a aprobación inicial de estatutos e bases de actuación.

- Logo do oportuno requerimento municipal o 30.12.05 don Daniel Vázquez Ferro presenta escrito e documentación. Con posterioridade o 29.05.06 a mesma foi completada.

Por acordo da Xunta de goberno local de 2.10.06 se deu aprobación inicial os estatutos e bases de actuación no polígono IV do Plan especial de protección e reforma interior do conxunto hitórico de Bouzas. Nos antecedentes do acordo, se fixo mención por erro ó polígono 6 cando en realidade debería mencionar o polígono 4.

FUNDAMENTOS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.-Rectificación de erro material no acordo de aprobación inicial dos estatutos e bases de actuación do polígono 4 do PEPRI do conxunto histórico de Bouzas.- Tendo en conta o previsto no artigo 105.2 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, procede a rectificación do dato nos antecedentes polo que se mencionaba ó polígono VI en vez do IV.

2.- Competencia para a adopción do presente acordo.-É competente para dicta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co preceptuado no art. 124 Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).

Por todo elo, proponse a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Recificar o erro material contido nos antecedentes do acordo da Xunta de goberno local de 2.10.06 polo que se aprobaron inicialmente os estatutos e bases de actuación do polígono IV do PEPRI de Bouzas, no que se refire á referencia ó polígono VI, cando en realidade debe figurar o IV.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo ós interesados, informando que contra o mesmo poderá interpoñerse potestativamente, recurso de reposición no prazo dun mes dende a notificación do acordo perante esta Administración municipal ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(1598).- PRÓRROGA DO PRAZO ESTABLECIDO NO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DO CASCO VELLO DE VIGO PARA A XUSTIFICACIÓN DOS FONDOS DO “PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS A REHABILITAICÓN DE FACHADAS DE LOCAIS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL PEPRI CASCO VELLO”.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o acordo adoptado polo Comité Executivo do Consorcio Casco Vello en data 11.10.06, dáse conta do informe-proposta do xerente de dito Consorcio, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo, con data 19 de decembro de 2005, e o Comité Executivo do Consorcio do Casco Vello de Vigo, con data 26 de decembro de 2005, aprobaron o Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio do Casco Vello de Vigo para un programa de rehabilitación de fachadas e cubertas no ámbito do Casco Vello.

Dende anos atrás, a través da Oficina de Rehabilitación da Xerencia de Urbanismo, véñense xestionando as axudas para a rehabilitación de vivendas, motivo polo que considerouse axeitado establecer un programa de axudas para locais comerciais coa fin de facilitarlles a rehabilitación e a adecuación ó planeamento das súas fachadas á vez que noutros casos permitiríase completar a rehabilitación das fachadas de edificios que se tiñan acollido ás axudas da Oficina de Rehabilitación e nos que soamente quedaba por rehabilitar a parte da fachada pertencente ó local comercial; consonte con elo e por mor da aplicación do convenio antes citado, con data 02 de marzal de 2006, o Comité Executivo do Consorcio do Casco Vello de Vigo acordou aproba-las Bases e efectua-la convocatoria das axudas municipais á rehabilitación de fachadas de locais na Area de Rehabilitación Integral PEPRI Casco Vello que publicáronse con data 16 de marzal de 2006 no BOP nº 53. A partires da data de publicación abriuse un prazo de dous meses para presentación de solicitudes.

A posta en marcha do programa estivo excesivamente condicionada pola demora tanto na aprobación do P.E.P.R.I. CASCO VELLO, que determinará o planeamento aplicable, coma pola incoación do expediente de declaración do ámbito de actuación como Ben de Interese Cultural coa categoría de conxunto histórico-artístico, xa que logo, a tramitación destas actuacións determina a aplicación do réxime de protección previsto pola Lei de patrimonio cultural de Galicia para os bens xa declarados, e, en concreto, a suspensión das correspondentes licencias municipais de parcelación, edificación ou demolición nas zonas afectadas (DOGA nº 36 do 21 de febreiro de 2006), motivo polo que moitos solicitantes potenciais da subvención viron paralizados os seus expedientes de solicitude de licenza de obras ou de actividade, documentación necesaria para poder obter a subvención.

A tramitación do planeamento e a actual declaración como Ben de Interese Cultural implica a necesidade de remitir os expedientes de solicitude de subvención á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia para a autorización das obras previstas, trámite que pode demorar máis dun mes a tramitación dos expedientes cara ó seu outorgamento.

O prazo de dous meses inicialmente establecido para a presentación de solicitudes resultou insuficiente por mor da incertidume sobre o planeamento, a dificultade dos solicitantes para aportar toda a documentación requirida e pola imposibilidade de manter contacto con tódolos propietarios ou arrendatarios de locais coa fin de coñecer as súas necesidades e demandas e informalos sobre das subvencións, motivo polo que acordouse ampliar un mes o prazo para a presentación de solicitudes (BOP nº 150 do 7 de agosto de 2006).

Por outra banda, das entrevistas mantidas coas persoas interesadas que se teñen achegado á oficina do Consorcio do Casco Vello para informarse da existencia de subvencións, fixéronse notar algunhas demandas de axudas coa fin de poder acometer obras de carácter urxente nos edificios de vivendas ou para subsanar, nun prazo relativamente breve, as deficiencias derivadas da inspección técnica da edificación (ITE).

Na estipulación Primeira do Convenio asinado, establécese como obxecto o de financiar un programa de axudas para tratamento de fachadas, paredes medianeiras, cubertas e elementos singulares dos inmobles de interese histórico, arquitectónico ou paisaxístico que se atopan na Area de Rehabilitación Integral do Casco Vello de Vigo, compensando así economicamente a carga engadida que para os propietarios dos inmobles supón a catalogación e logrando a mellora da imaxe urbana e o valor desta zona histórica da cidade.

Na estipulación Terceira establécese que a vixencia do presente convenio, comezará o día da súa sinatura e estenderase ata o día 31 de decembro de 2006, prazo que poderá ser prorrogado mediante acordo das partes, durante a vixencia do mesmo, de existir razóns suficientes que xustifiquen a mesma.

Na estipulación Quinta establécese que o Consorcio, antes do 10 de decembro de 2.006, deberá xustificar ante o Concello de Vigo a aplicación dos fondos aportados ó programa que motiva o presente convenio, facilitando a relación de beneficiarios que foron obxecto das axudas. O Concello poderá ampliar en casos xustificados o prazo de xustificación das devanditas axudas.

Con base no exposto, dados os condicionantes existentes, e coa fin de adaptar o Programa ás necesidades e demandas dos interesados nun prazo de tempo suficiente e, consonte co acordo adoptado polo Comité Executivo do Consorcio Casco Vello na sesión do pasado 11 de outubro do que axúntase copia, solicito do Excmo. Concello de Vigo:

A prórroga do prazo establecido no Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio do Casco Vello de Vigo para a xustificación dos fondos do “Programa de Axudas Municipais á Rehabilitación e Fachadas de Locais na Área de Rehabilitación Integral PEPRI Casco Vello” ata o día 10 de decembro de 2007.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

A prórroga do prazo establecido no Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio do Casco Vello de Vigo para a xustificación dos fondos do “Programa de Axudas Municipais á Rehabilitación e Fachadas de Locais na Área de Rehabilitación Integral PEPRI Casco Vello” ata o día 10 de decembro de 2007.

23(1599).- NOVO PROCEDEMENTO PARA A TRAMITACIÓN “LICENZA DE CALA” POR PARTE DE AQUALIA. EXPTE. 49263/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 3.11.06, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, do 29.10.06, conformado polo concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o Convenio de Colaboración con Aqualia, S.A. - empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento - para a tramitación dos expedientes de “licencia de cala” na vía pública, previos a autorización de acometidas de abastecemento e saneamento.

2º.- Autorizar a Excm. Sra. Alcaldesa a sinatura de dito convenio cos representantes de Aqualia, S.A.

CONVENIO

Na cidade de Vigo a _____ de novembro de 2006

REUNIDOS

Dunha parte a Excm. Sra. Dona Corina Porro Martínez, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vigo.

E doutra, Don _____ (a completar por Aqualia).

Ámbolos dous, de común acordo

EXPOÑEN:

I.- Que Dona Corina Porro Martínez intervéñ neste acto en uso das atribucións que lle confire o artigo 124.4.f) da Ley 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réximen Local para executar o acordo da Xunta de Goberno Local de data _____ que se adxunta.

Que Don _____ intervéñ en representación de Aqualia, S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento según poder que se adxunta tamén ao presente Convenio.

II.- Que o Servizo de Vías e Obras Municipal ten comprobado que na actualidade a tramitación dos permisos de cala na vía pública necesarios para posteriormente realizar a acometida e enganche ás redes de abastecemento de augas e saneamento adoce dunha gran complexidade, polo que é preciso simplificar e axilizar o procedemento.

Para logralo, e en base aos estudos realizados ao efecto, constatouse que unha condición esencial é que a solicitude sea tramitada por Aqualia, S.A. ao ser quen programa e executa as obras en coordinación cos Servizos Municipais que interveñen no expediente, que deberá encargarse tamén do cobro dos tributos correspondentes e do seu ingreso na Tesorería Municipal, igual que xa ven facendo coa taxa de conexión ás redes municipais de abastecemento e saneamento.

III.- Que Aqualia como manifestación do seu propósito de permanente colaboración coa Administración Municipal para conseguir prestar un mellor servizo aos cidadáns está disposta a asumir esta función sen coste algún para aqueles e para as arcas municipais.

IV.- Que a Dirección de Ingresos do Concello informou favorablemente esta iniciativa con data 27 de xuño pasado e o Xefe do Servizo de Inversións con data 29 de setembro seguinte, aconsella instrumentar a colaboración entre as dúas Entidades a través dun Convenio.

V.- Que este Convenio de colaboración polo seu obxecto está excluído da Ley de Contratos das Administracións Públicas ao amparo do seu artigo 3.1.d).

Por isto ambas partes na representación que ostentan e acreditan e recoñecéndose capacidade suficiente que din non ter limitada formalizan o presente Convenio de Colaboración con arreglo as seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto.

O obxecto do presente Convenio é establecer a colaboración entre o Concello e Aqualia, S.A. para que sexa esta última a que tramite ante o Concello as solicitudes dos particulares para apertura de calas na vía pública para a posterior conexión ao servizo de saneamento e abastecemento, cobrando os tributos que correspondan e ingresando posteriormente o seu importe na Tesorería Municipal.

Segunda.- Procedemento.

O procedemento que se establece é o seguinte:

1º.- O interesado presentará a solicitude xunto coa documentación necesaria (D.N.I. / N.I.F do solicitante, acreditación da titularidade do inmoble obxeto da solicitude,, licenza urbanística no caso de obra nova, plano de situación de escala 1/1000 ou menor, planta de distribución con situación de portais de entrada, indicando ubicación das acometidas a escala 1/100 ou menor, planos de redes proxectadas -no caso de novas urbanizacións- , declaración de verquidos –no caso de industrias- , autorización do propietario no seu caso, así como calquera outra que se estime necesaria) nas oficinas de Aqualia, S.A.

2º.- Aqualia, S.A. deberá visitar o lugar do emprazamento, realizar as medicións pertinentes e confeccionar o presuposto provisional, confeccionar a liquidación dos correspondentes tributos e remitila ao Concello (Servizo de Vías e Obras).

A remisión farase por correo acompañando fotografías e planos de situación a escala 1/1000 e 1/2000, en formato PDF.

Se a instalación da acometida estivese dentro da zona de protección arqueolóxica, farase constar tamén.

3º.- O Concello a través do Servizo de Vías e Obras á vista da situación da acometida e sen prexuízo de requirir a Aqualia, S.A. a documentación do expediente obrante no seu poder que precise, fixará as condicións de execución da obra e validará ou correxirá, segundo o caso, o presuposto provisional e a liquidación tributaria, previa remisión desta última á Administración de Tributos para a súa comprobación e conformidade.

4º.- Unha vez cumprimentados os anteriores trámites o Concelleiro Delegado do Área de Servizos Xerais autorizará a cala e outorgará a licenza para a acometida e enganche, condicionada ao pago por parte do solicitante dos importes que resulten e remitirá a resolución a Aqualia, S.A. por correo electrónico. Simultaneamente o Concello enviaralle por escrito a referida autorización.

5º.- Aqualia, reciba a resolución, remitirá ao interesado por correo o presuposto definitivo da acometida xunto coa liquidación tributaria que corresponda.

6º.- O interesado aboará o importe resultante nas oficinas de Aqualia, ben persoalmente ou mediante transferencia bancaria (neste último caso deberá presentar en Aqualia copia da transferencia bancaria e o orixinal asinado da liquidación de tributos. A cambio Aqualia, S.A. lle entregará a resolución contendo os permisos.

7º.- Aqualia, S.A. deberá proceder a programar as obras de acometida xunto cos Servizos Municipais de Vías e Obras e de Tráfico na semana seguinte ao pago dos importes correspondentes polo interesado.

8º.- Por último, Aqualia remitirá mensualmente, nos cinco primeiros días de cada mes, ao Concello, Servizo de Vías e Obras, os expedientes das acometidas executadas no mes anterior, xuntamente cos xustificantes de pago, e ingresará na Tesorería Municipal o importe correspondente ás cantidades cobradas aos solicitantes en concepto de taxas e impostos polas mesmas.

9º.- Como singularidades do procedemento poden producirse as seguintes:

a) No caso de que a acometida prevista esté dentro da zona de protección arqueolóxica remitirase copia do expediente ao Servizo de Patrimonio Histórico do Concello para que informe se as obras a realizar están dentro, ou non, do Proxecto Arqueolóxico Marco.

Se estivese dentro de dito Proxecto Marco informará das condicións de execución das obras segundo dito documento, devolvendo o expediente ao Servizo de Vías e Obras para continuar coa súa tramitación.

Se non estivese dentro do Proxecto Arqueolóxico Marco o Servizo de Patrimonio Histórico devolverá o expediente ao Servizo de Vías e Obras para que á súa vez o remita á Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, Servizo de Patrimonio Histórico que será o que indique ao Concello se é necesario, ou non, presentar proxecto arqueolóxico. No primeiro caso o Concello o notificará a Aqualia, S.A. para que, á súa vez, requira ao interesado a presentación do preceptivo proxecto en dita Delegación para a súa aprobación. No segundo caso, será o Servizo de Patrimonio Histórico da Xunta o que fixe as condicións para a execución das obras.

Resolto o anterior trámite de calquera das formas indicadas continuarase coa tramitación do expediente.

- b) *Tendo en conta que o prazo de validez do presuposto e a aprobación condicionada da licenza de obra é de 60 días contados a partir da data de notificación ao interesado, se transcurrise dito prazo, que será de caducidade, sen aboarse os importes resultantes por parte do interesado, este deberá solicitar de novo a iniciación do procedemento, quedando arquivado o expediente anterior.*

Terceira.- Gastos.

Os gastos de xestión que poda ocasionarlle a Aqualia a implantación deste novo procedemento serán asumidos íntegramente por ela, polo que este Convenio non supón desembolso algún para as arcas municipais nin incremento dos importes que deben aboar os cidadáns.

Cuarta.- Duración.

A duración deste Convenio será dun ano contado a partir da data no que se suscriba polas partes, prorrogándose tácitamente por períodos de igual duración se non media denuncia dalgunha delas con dous meses de antelación ao seu vencemento.

Quinta.- Compromisos que asumen Aqualia e o Concello.

Ámbalas dúas partes asumen o compromiso de mútua colaboración e auxilio para que o novo procedemento de tramitación dos permisos de cala que se contempla na cláusula segunda mellore o servizo a prestar aos cidadáns, e a incluír neste Convenio, se fose preciso, as modificacións que a experiencia vaia aconsellando para lograr dita finalidade.

Sexta.- Causas de resolución.

Serán causas de resolución do presente Convenio as seguintes:

- a) *O mútuo acordo das partes.*
- b) *A denuncia de calquera delas nas condicións establecidas na cláusula cuarta.*
- c) *O incumprimento do seu contido.*
- d) *A imposibilidade de continuo por causas sobrevidas alleas ás partes.*

Séptima.- Efectos.

A eficacia do presente Convenio quedará supeditada á súa sinatura por ámbalas dúas partes intervintes previa á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local e polo Órgano de Aqualia, S.A. competente, no seu caso.

Oitava.- Procedemento de solución de controversias.

O presente Convenio conta coa natureza administrativa e en consecuencia, todas as controversias que podan prantexarse entre as partes na súa interpretación, cumprimento e execución intentarán arranxarse amistosamente e de non ser posible deberá acudirse aos órganos da Xurisdicción Contencioso-Administrativa competentes.

E en proba de conformidades ámbalas dúas partes asinan o presente Convenio de Colaboración en duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

24(1600).- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DO DE REMODELACIÓN DA ZONA DAS OSTRAS (FASE 2: RÚAS PESCADERÍA E BAIXADA Á FONTE). EXPTE. 294/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do coordinador do Área dos Servizos Xerais, do 9.11.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar tecnicamente o proxecto “Modificado nº 1 do Proxecto de remodelación da zona das Ostras. Fase 2 (Rúa Pescadería e Baixada á Fonte)”, cun orzamento total base de licitación de cincuenta e oito mil seiscientos setente e dous con oitenta e sete euros (58.672,87 €)

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

25(1601).- APLICACIÓN ECONÓMICA PROPOSTA A PARTE DOS POSTOS DE TRABALLO ENCADRADOS NOS GRUPOS “D” E “E” DO INSTITUTO MUNICIPAL DE DEPORTES (IMD).

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 10.11.06, e de acordo co informe-proposta do director técnico do IMD, do 26.10.06, conformado polo secretario e pola presidente da Xunta Rectora do IMD, que di o seguinte:

Adecuación postos de traballo.

Na disposición final segunda do “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais do persoal municipal, aprobado para o período 1995 –1997”, prevíase o compromiso de efectuar durante o ano 1997 unha reclasificación dos postos de traballo do cadro municipal e a súa correspondente avaliación económica, co obxecto de seren aplicado o 1º de xaneiro de 1998.

Como queira que dito compromiso non chegou a ser aplicado, os vixentes Acordos e Convenio reguladores das condicións económicas e sociais do persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo, aprobados conxuntamente en sesión plenaria de 28 de decembro de 1998, vixentes para o período 1999–2002, recolle novamente esta previsión, tanto nas súas disposicións adicionais coma nas transitorias, prevendo o destino de 400.000.000 ptas. (2.404.048 €) para o seu cumprimento.

Por todo elo e seguindo as liñas directoras dos documentos elaborados polo equipo técnico desigando por Decreto da Alcaldía Presidencia de 10 de xaneiro de 2001 no Concello de Vigo e que basicamente son:

a) Reordenar o contido das funcións que desenvolven cada un dos postos de traballo para adaptar ditas funcións a nova realidade xurídico-procedimental e a realidade social, económica e técnica que se require hoxe en día para dar de xeito correcto un adecuado nivel de servizo, xa que se considera imprescindible unha revisión e adaptación da estrutura humana para adaptala as novas funcións que veñen obrigadas pola realidade.

b) Estructurar o capital humano de xeito que queden clarexadas as funcións e competencias dos diferentes postos de traballo. Pretendese dar un mellor e máis eficaz servizo a cidadanía, posto que cada posto de traballo contara cunha maior especialización e concreción e delimitarase a responsabilidade inherente o mesmo.

c) Adecuar as retribucións dos postos de traballo, tanto dos nunca valorados como dos preexistentes as novas circunstancias e nivel dos servizos que prestan, tanto no seu aspecto cuantitativo como cualitativo, mediante a valoración dos postos de traballo e o establecemento de novos niveis de complemento de destino e específico.

Con data de 3 de decembro de 2001, o director técnico do IMD coa conformidade do presidente do Xunta Rectora do IMD, formula un informe, no que se fai a especificación en detalle de cada un dos postos de traballo do Organismo Autónomo Instituto Municipal dos Deportes, recollido en sesión ordinaria do pleno do Concello de Vigo do día 25 de marzo de 2002; anexo II guía de funcións.

A realización da especificación dos postos de traballo queda reflexada nos seguintes obxectivos.:

- Actualización das retribucións do persoal do IMD axeitadas as novas funcións desempeñadas.
- Redución da ratio existente entre postos de maior nivel e os inferiores.
- Inclusión no CE de retribucións ata o momento incluídas no complemento de produtividade.
- Utilización do Complemento de produtividade para resolver as atipicidades de funcións de determinados postos.

No ano 2006 realizouse a adaptación do documento económico no referente os postos dos grupos C, D e E de titulación, a nova realidade do IMD, introducendo as modificacións acontecidas na RPT dende o ano 2001 e procedendo a actualización económica do mesmo en base os incrementos do IPC destes anos.

En canto o fondo, tivéronse en conta os seguintes preceptos legais:

- Arts. 4, 89 e ss. da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local
- Arts. 23 y 24 da Lei 30/84. de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública
- R.D. 861/1986, de 2 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios da Admón. Local
- Arts. 153 ss. R.D.L 781/86, de 18 de abril, polo que se aprueba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local
- Decreto 93/91, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia
- Art 64 ss. da Lei 4/1988 de 26 de maio, da función pública de Galiza

A presente proposta retributiva responde a necesidade de adecuar-las retribucións destes postos de traballo do cadro de persoal ás funcións que realmente desempeñan e ás propias circunstancias de desempeño.

O seu alcance afecta os postos dos grupos de titulación A, C, D e E do cadro de persoal, xa que dende o ano 1987 nunca se volveu a facer no Concello nin nos seus organismos autonomos un estudo do contido funcional dos postos e adecuación retributiva. Dito estudo nunca foi modificado, nin adaptado, nin ampliado cos novos postos de traballo creados. Considerase imprescindible dispoñer dun documento que recolla tanto os novos postos que se han creado como as circunstancias que aconteceron e modificaron os servizos e as funcións a desempeñar polo persoal.

Nos últimos anos produciuse unha cascada cualitativa e cuantitativa de cambios nos servizos que requiren unha adaptación a nova realidade, aos que de forma imperativa polo mandato das lexislacións se lles teñen que dar resposta con un axeitado nivel de calidade e seguridade. Dende 1987, moitos postos fóronse cubrindo con persoal excedente doutros que pasaron a prestarse en réxime de xestión indirecta, as novas pautas educativas e culturais, a implantación de novas tecnoloxías, a evolución lexislativa e a cada vez maior intervención das administracións locais na vida dos cidadáns mediante prestación de servizos propios ou complementarios dos de outras administracións, determinou que as funcións a desempeñar polos diferentes postos de traballo do Concello e os seus organismos autonomos non teñan reflexo na descrición de funcións do ano 1987.

Especial incidencia ten neste eido, a irrupción da denominada sociedade da información ou do coñecemento, unha verdadeira revolución tecnolóxica que proxecta as súas consecuencias tanto hacia o exterior (cada vez son máis os servizos que se prestan directamente os cidadáns mediante telecomunicacións electrónicas) e hacia dentro da propia organización (os sistemas de información e telecomunicacións tenden a asumir a maior parte das funcións de comunicación, coordinación e control que antes realizaban os mandos intermedios, xa que permite á alta dirección coñecer mellor o que sucede no nivel operativo; as estruturas descentralizan a toma de decisións como resposta á necesidade de gañar velocidade de resposta para ser máis eficaces na procura das necesidades dos cidadáns...). O que leva implícito a posibilidade de invertir a tendencia das últimas décadas nas organizacións administrativas públicas de fragmentar a súa cadea de valor mediante a externalización de determinadas actividades (xestión indirecta), devolvendo o protagonismo da xestión do público os traballadores da administración.

Doutra banda, pero no mesmo sentido, é notoria a problemática que suscita a necesidade do denominado Pacto Local (transferencia e/ou delegación de competencias sobre materias, especialmente de titularidade autonómica, a favor das corporacións locais conforme ós principios de subsidiariedade, descentralización e máxima proximidade), que en concellos como o de Vigo presenta unha dimensión fundamentalmente económico-organizativa, pois pola vía do art. 28 da Lei 7/85, ven prestando sistemáticamente servizos sobre materias de titularidade doutras administracións (educativos, culturais, deportivos, ...)

Todo os cambios producidos fixeron que o contido e a responsabilidade dos postos, incrementase dun xeito significativo.

En este sentido, desde o ano 1996 e tendo en conta os cambios que se viñeron a producir no mercado productivo e de servizos tales coma a automatización dos procesos de produción, realizada de forma masiva no caso dos traballos de oficina e as demandas de servizos novos e de maior calidade, veñen desenvolvéndose os planes de formación e capacitación dos empregados municipais, que diríxense a todo os colectivos municipais e a todo o abanico de actividades e competencias do ámbito local, e estruturase en diferentes programas:

O Programa de Mellora da Calidade do Servizo, que presta unha atención preferente á mellora da eficacia, a eficiencia e a calidade dos servizos que o Concello e os seus organismos autonomos, prestan os cidadáns; o Programa de Mellora da Xestión dos Recursos Humanos co obxectivo da creación e a consolidación de políticas de recursos humanos e que integra diversas propostas de formación orientadas a facer que se desenvolvan as modernas políticas de xestión de recursos humanos; o Programa de Mellora da Xestión dos Recursos Económicos que ten como finalidade contribuir a que os Concellos xestionen os seus recursos económicos dende a

perspectiva dun contexto económico que esixe a contención do gasto e o máximo aproveitamento dos recursos; o Programa Xuridico-administrativo, que responde a necesidade de actualizar os coñecementos nesas materias, debidos os cambios sufridos polo marco normativo regulador da actividade da Administración pública.

Así mesmo, as rápidas transformacións de que foron obxecto os Concellos e os seus organismos autónomos, así como a modificación e evolución dos coñecementos e comportamentos profesionais, a transformación áxil e constante dos principais parámetros da xestión municipal, fan que diferentes colectivos profesionais o servizo do Concello e os seus organismos autónomos, así como tamén o personal administrativo e o persoal de servizos especiais, necesitan mellorar continuamente o seu traballo e adaptalo as novas propostas tecnolóxicas. Os dous programas seguintes atenden a estas necesidades:

- o Programa de Formación Informática: con cursos dedicados as aplicacións ofimáticas e informáticas de maior implantación*
- o Programa de Formación de Capacidades Profesionais: no que se estruturan diversas accións orientadas á actualización das capacidades profesionais e a conseguir que as persoas o servizo do Concello asuman máis responsabilidades no exercicio das súas funcións, que incorporen capacidades e coñecementos novos, e que reciban os novos valores de servizo o cidadán derivados do proceso de modernización das Administracións públicas.*

Todas estas novas funcións e tarefas introducidas nos postos ocasionan un incremento nos Complementos de Destino ou das cantidades asignadas os Complementos Específicos, o que supón unha adecuación retributiva de carácter singular e excepcional, imprescindible polo novo contido dos postos de traballo. As diferenzas entre as funcións descritas e valoradas na anterior valoración de postos do ano 1987 e as actuais dos distintos postos de traballo xustifican plenamente o aumento do Complemento de Destino ou do Complemento Específico como consecuencia das variacións, modificacións e aumento das funcións dos mesmos.

A lei 30/2005, de 30 de decembro, de presupostos Xerais do Estado para o ano 2006, no seu artigo 19, 4º establece o seguinte:

“ sin perjuicio de las adecuaciones retributivas que con carácter singular y excepcional, resulten imprescindibles por el contenido de los puestos de trabajo, por la variación del número de efectivos asignados a cada programa, o por el grado de consecución de los objetivos fijados al mismo, siempre con estricto cumplimiento de lo dispuesto en los artículos 23 y 24 de la ley 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para á reforma da Función Pública.”

Este parágrafo invoca dous terminos de especial importancia para a súa aplicación, “singular” e “excepcional”, que segundo a definición terminolóxica da Real Academia Española da Lingua, define como “singular”-solo, extraordinario, raro etc. e como “excepcional”- que constituye excepción de la regla común, que se aparta de lo ordinario, o que ocorre rara vez.”

No presente caso, ámbalas dúas danse no presente procedemento. E evidente que o organismo Autónomo IMD, do Concello de Vigo sofre unha situación moi diferente dende que se aprobou o seu reglamento de funcións, (aínda que o Pleno da Corporación, en sesións de datas 24 de setembro de 2001 e 25 de marzo de 2002, aprobou as guías de funcións para tódolos postos de traballo deste Concello (Grupos A e B, de xeito provisional e, grupos C, D e E con carácter definitivo), e o organismo autónomo, que non tivo reflexo nunha adecuación retributiva das funcións recollidas nas guías), todo elo acompañado da profunda transformación experimentada nas administracións públicas, e a súa necesidade de adaptación a evolución constante da sociedade da información e comunicación, ós novos métodos de traballo, unido ós procedementos de reforma administrativa, moitos impostos por imperativo legal. Non obstante parece oportuno clarexar, que non estamos ante un proceso de reforma

administrativa, senón ante unha actualización dos contidos dos postos a realidade do Organismo Autónomo e a súa adecuación retributiva, que se fan necesarios para o bo funcionamento da administración.

Un período de dezaioito anos, os transcorridos desde 1987 ata o actual, e cos grandes cambios antes reseñados, e a nova asunción de competencias pola administración local do século XXI, fan que esté perfectamente xustificada a excepcionalidade e a singularidade, coa adaptación das retribucións o contido dos postos.

A urxente necesidade de realizar esta adecuación retributiva ven determinada pola imprescindible corresponsabilidade que debe existir entre o desempeño das funcións dos postos de traballo e a súa retribución, para poder paliar os efectos que esta disfunción, co paso dos anos, acabou por provocar un clima laboral non desexado no Cadro de Persoal deste organismo autónomo.

Na lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do Goberno Local, na súa exposición de motivos reseña :“...requieren, de forma inaplazable, la adopción de una serie de reformas tendentes a su racionalización y modernización, que responden a necesidades neludibles”. Pois ben, unha administración que non adaptou a guía de funcións e servicios en dezaioito anos, dificilmente pode iniciar estes profundos procesos de reforma

O Pleno do Concello, na súa sesión de data 24 de setembro de 2001, aprobou definitivamente a Guía de Funcións para tódolos postos de traballo do Concello e na súa sesión de 25 de marzo de 2002 aprobou con carácter definitivo as correspondentes ós grupos C, D e E de titulación, así como as do Organismo autónomo Instituto Municipal dos Deportes.

O Concello-Pleno, en sesión de data 28 de febreiro de 2005, aprobou definitivamente xunto có orzamento, o cadro de persoal de 2005 para o Concello e os seus organismos autónomos.

A Xunta Rectora do organismo autónomo, en sesión de data 12 de decembro de 2005, aprobou a Relación de Postos de Traballo os que procede realizar a proposta de adecuación e valoración correspondente no ano 2006.

No novo cadro retributivo que se adxunta como anexo, se ten reflexado os resultados do estudo pormenorizado de cada posto de traballo e foi consensuado cos representates do persoal, tal e como se sinala no art. 32 da Lei 9/87, no que se refire o seu contido funcional, as esixencias que comportan e as condicións en que se desenvolve a actividade en cada caso e a súa actualización segundo a RPT do presente ano. No seu resultado e aplicación respetáronse os principios de racionalidade, economía e eficiencia (art. 90 da Lei 7/85), de modo que respondan a criterios de valoración obxectiva nos mesmos termos que para o resto dos funcionarios públicos (art. 93 da Lei 7/85).

No Anexo I que se achega a este informe proposta relacionase nominalmente os postos de traballo os que acaden a adecuación retributiva que se propon así como o importe individual correspondente a cada un deles, ascendendo en computo anual e para a totalidade dos postos que se adxuntan a 51.253,45 €.

Para a súa aplicación ó actual ano 2006, e dacordo cos compromisos políticos-sindicais e da xunta rectora do Imd de decembro de 2005, así como da toma de coñecemento por a xunta de Goberno Local con data de decembro de 2005, do acordo da Xunta Rectora da mencionada data, que a adecuación retributiva proposta se aplique con efecto do un de xaneiro de 2006

No orzamento do Organismo autónomo municipal para o ano 2006 existe a partida orzamentaria 45221300001 “ fondo de adecuación postos de traballo” cunha dotación inicial de 51.253,45 €, así mesmo para posibilitar o cumprimento das obrigas económicas que se deriven do presente acordo inclúense no proxecto de presupostos para o ano 2007 unha partida orzamentaria específica e en contía suficiente, e no caso de prorrogarse o presuposto , realizaranse as modificacións presupostarias correspondentes.

A vista de todo canto antecede o técnico que suscribe, propón a Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo tralo informe xurídico e informe da Intervención Xeral sobre a existencia ou non de crédito adecuado e suficiente e demais informes preceptivos que correspondan:

Primeiro: Modificar a relación de Postos de traballo do persoal do Instituto Municipal dos Deportes de Vigo correspondentes ós postos relacionados no anexo I cos contidos (xefe de mantemento instalacións, xefe unidade mantemento taller, conserxes responsables de instalacións, adxunto coordinador, oficiais, e auxiliar admvo, e axudantes todos eles encadrados no grupo D e no E de titulación., para o exercizo 2006, en canto as retribucións complementarias fixas e periódicas (complemento de destino e específico) que será o que se contén no Anexo I e que forma parte inseparable desta proposta.

Segundo: para o actual exercizo 2006 a adecuación retributiva proposta terá efecto dende o una de xaneiro, para o cal se autoriza un gasto de 51.253,45 €, con cargo a partida 45221300001 " fondo de adecuación postos de traballo".

ANEXO I																					
APellidos	NOME	POSTO	GR	CD	CE	SB GR	TO GR	CD	TO CD	CE	TO CE	RTB GR	IMP GR 2005	N CD	N CE	IMP CD	INC CD	IMP CE	INC CE	TOTAL INC	TOTAL
				situación actual																	
ALONSO DE LA CAMPA	MAXIMINO	AUXILIAR ADMNVO	D	15	56	553,32 €	7.746,48 €	317,45 €	4.444,30 €	423,89 €	5.934,46 €	7.746,48 €	18.125,24 €	16	66	4.749,36 €	305,06 €	7.038,08 €	1.103,62 €	1.408,68 €	19.533,92 €
GONZALEZ SERRANO	ERNESTO	XEFE MANT. INSTALACIONES	D	18	75	553,32 €	7.746,48 €	382,74 €	5.358,36 €	636,68 €	8.913,52 €	7.746,48 €	22.018,36 €	18	91	5.358,36 €	- €	12.483,36 €	3.569,84 €	3.569,84 €	25.588,20 €
SIVA NOVAS	JOSE LUIS	XEFE UNIDADE MANTENEMENTO	D	18	75	553,32 €	7.746,48 €	382,74 €	5.358,36 €	636,68 €	8.913,52 €	7.746,48 €	22.018,36 €	18	91	5.358,36 €	- €	12.483,36 €	3.569,84 €	3.569,84 €	25.588,20 €
DAFONTE VARELA	CARLOS	CONSERXE RESP. INSTA.	D	16	59	553,32 €	7.746,48 €	339,24 €	4.749,36 €	461,85 €	6.465,90 €	7.746,48 €	18.961,74 €	16	90	4.749,36 €	- €	8.185,35 €	1.719,45 €	1.719,45 €	20.681,19 €
RIVERA ALEN	LUIS	CONSERXE RESP. INSTA.	D	16	59	553,32 €	7.746,48 €	339,24 €	4.749,36 €	461,85 €	6.465,90 €	7.746,48 €	18.961,74 €	16	90	4.749,36 €	- €	8.185,35 €	1.719,45 €	1.719,45 €	20.681,19 €
SESTELO RODRIGUEZ	CARMELO	CONSERXE RESP. INSTA.	D	16	59	553,32 €	7.746,48 €	339,24 €	4.749,36 €	461,85 €	6.465,90 €	7.746,48 €	18.961,74 €	16	90	4.749,36 €	- €	8.185,35 €	1.719,45 €	1.719,45 €	20.681,19 €
PEREZ RODRIGUEZ	JOSE ANTONIO	ADXUNTO COORDINADOR	D	18	22	553,32 €	7.746,48 €	382,74 €	5.358,36 €	853,92 €	11.954,88 €	7.746,48 €	25.059,72 €	18	92	5.358,36 €	- €	16.599,09 €	4.644,21 €	4.644,21 €	29.703,93 €
ARAGUNDE MARTINEZ	CELIA	OFICIAL INST.	D	15	53	553,32 €	7.746,48 €	317,45 €	4.444,30 €	440,08 €	6.161,12 €	7.746,48 €	18.351,90 €	15	56	4.444,30 €	- €	8.400,09 €	2.238,97 €	2.238,97 €	20.590,87 €
ESTEVEZ CURRAS	ENRIQUE	OFICIAL INST.	D	15	53	553,32 €	7.746,48 €	317,45 €	4.444,30 €	440,08 €	6.161,12 €	7.746,48 €	18.351,90 €	15	56	4.444,30 €	- €	8.400,09 €	2.238,97 €	2.238,97 €	20.590,87 €
LUGILDE GONZALEZ	JUAN BAUTISTA	OFICIAL INST.	D	15	53	553,32 €	7.746,48 €	317,45 €	4.444,30 €	440,08 €	6.161,12 €	7.746,48 €	18.351,90 €	15	56	4.444,30 €	- €	8.400,09 €	2.238,97 €	2.238,97 €	20.590,87 €
PEREZ REGO	ENRIQUE	OFICIAL INST.	D	15	53	553,32 €	7.746,48 €	317,45 €	4.444,30 €	440,08 €	6.161,12 €	7.746,48 €	18.351,90 €	15	56	4.444,30 €	- €	8.400,09 €	2.238,97 €	2.238,97 €	20.590,87 €
PEÑA ALVAREZ	JOSE MANUEL	OFICIAL INST.	D	15	53	553,32 €	7.746,48 €	317,45 €	4.444,30 €	440,08 €	6.161,12 €	7.746,48 €	18.351,90 €	15	56	4.444,30 €	- €	8.400,09 €	2.238,97 €	2.238,97 €	20.590,87 €
TEIXEIRA GONÇALVES	ANTONIO J.	OFICIAL INST.	D	15	53	553,32 €	7.746,48 €	317,45 €	4.444,30 €	440,08 €	6.161,12 €	7.746,48 €	18.351,90 €	15	56	4.444,30 €	- €	8.400,09 €	2.238,97 €	2.238,97 €	20.590,87 €
CASTRO PARDAVILA	JORGE	OFICIAL INST.	D	15	53	553,32 €	7.746,48 €	317,45 €	4.444,30 €	440,08 €	6.161,12 €	7.746,48 €	18.351,90 €	15	56	4.444,30 €	- €	8.400,09 €	2.238,97 €	2.238,97 €	20.590,87 €
COMESAÑA ITALIANI	RAFAEL	OFICIAL INST.	D	15	53	553,32 €	7.746,48 €	317,45 €	4.444,30 €	440,08 €	6.161,12 €	7.746,48 €	18.351,90 €	15	56	4.444,30 €	- €	8.400,09 €	2.238,97 €	2.238,97 €	20.590,87 €
DIOS MANSO	JOSE	OFICIAL MANT.	D	15	53	553,32 €	7.746,48 €	317,45 €	4.444,30 €	440,08 €	6.161,12 €	7.746,48 €	18.351,90 €	15	56	4.444,30 €	- €	8.400,09 €	2.238,97 €	2.238,97 €	20.590,87 €
DOMINGUEZ NOVOA	FELIPE	OFICIAL MANT.	D	15	53	553,32 €	7.746,48 €	317,45 €	4.444,30 €	440,08 €	6.161,12 €	7.746,48 €	18.351,90 €	15	56	4.444,30 €	- €	8.400,09 €	2.238,97 €	2.238,97 €	20.590,87 €
FIGUEIROA CASTRO	JAVIER	OFICIAL MANT.	D	15	53	553,32 €	7.746,48 €	317,45 €	4.444,30 €	440,08 €	6.161,12 €	7.746,48 €	18.351,90 €	15	56	4.444,30 €	- €	8.400,09 €	2.238,97 €	2.238,97 €	20.590,87 €
IGLESIAS LORENZO	MARIO	OFICIAL MANT.	D	15	53	553,32 €	7.746,48 €	317,45 €	4.444,30 €	440,08 €	6.161,12 €	7.746,48 €	18.351,90 €	15	56	4.444,30 €	- €	8.400,09 €	2.238,97 €	2.238,97 €	20.590,87 €
RAMOS MARIÑO	XOAN MANUEL	AXUDANTE MANT.	E	14	53	505,15 €	7.072,10 €	295,69 €	4.139,66 €	440,08 €	6.161,12 €	7.072,10 €	17.372,88 €	14	58	4.139,66 €	- €	7.837,76 €	1.676,64 €	1.676,64 €	19.049,52 €
VAZQUEZ ALVAREZ	JOSE ARTURO	AXUDANTE MANT.	E	14	53	505,15 €	7.072,10 €	295,69 €	4.139,66 €	440,08 €	6.161,12 €	7.072,10 €	17.372,88 €	14	58	4.139,66 €	- €	7.837,76 €	1.676,64 €	1.676,64 €	19.049,52 €
RODRIGUEZ LORENZO	JUAN CARLOS	AXUDANTE MANT.	E	14	53	505,15 €	7.072,10 €	295,69 €	4.139,66 €	440,08 €	6.161,12 €	7.072,10 €	17.372,88 €	14	58	4.139,66 €	- €	7.837,76 €	1.676,64 €	1.676,64 €	19.049,52 €

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

1º.- Modificar a relación de Postos de traballo do persoal do Instituto Municipal dos Deportes de Vigo correspondentes ós postos relacionados no anexo I cos contidos (xefe de mantemento instalacións, xefe unidade mantemento taller, conserxes responsables de instalacións, adxunto coordinador, oficiais, e auxiliar admvo, e axudantes todos eles encadrados no grupo D e no E de titulación., para o exercizo 2006, en canto as retribucións complementarias fixas e periódicas (complemento de destino e específico) que será o que se contén no Anexo I transcrito na parte expositiva deste acordo.

2º.- Para o actual exercizo 2006 a adecuación retributiva proposta terá efecto dende o una de xaneiro, para o cal se autoriza un gasto de 51.253,45 €, con cargo a partida 45221300001 “ fondo de adecuación postos de traballo.

26(1602).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO “PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA CRUZ BLANCA”. EXPTE. 11877/444.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proosta do coordinador de Área de Servizos Xerais, do 10.11.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde das obras de humanización da rúa Cruz Blanca presentado pola empresa Galaicontrol e conformado polo enxeñeiro director das obras, Sergio González Prada.

27(1603).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE “REMODELACIÓN DE BEIRARRÚAS E MELLORA DA TRAVESÍA DE VIGO, 2ª FASE”. EXPTE. 11876/444.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proosta do coordinador de Área de Servizos Xerais, do 10.11.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde das obras de remodelación e beirarrúas e mellora da Travesía de Vigo, 2ª fase, presentado pola empresa Galaicontrol e conformado polo enxeñeiro director das obras, Sergio González Prada.

28(1604).- CONTRATACIÓN CONCERTO “LLIBRE VERMELL” A CARGO DOS GRUPOS CAPELLA DE MINISTRERS E COR DE CAMBRA LLUIS VICH&SOLISTAS. FESTIVAL DE MÚSICA ARE-MORE 2006. EXPTE.9902/331.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de actividades culturais, do 31.10.06, conformado polo xefe do Departamento de Cultura, o concelleiro da Área de Asuntos Sociais e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que de seguido se transcribe, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, do concerto “LLIBRE VERMELL” a cargo dos grupos CAPELLA DE MINISTRERS e COR DE CAMBRA LLUIS VICH&SOLISTAS, o día 22 de novembro, ás 21,45 horas, na Parroquia-Santuario “María Auxiliadora”, dentro do programa do *Festival de Música Are-More 2006*.

2º.- Facultar ao concelleiro da Área de Asuntos Sociais para asinar o presente contrato.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 29.160,66.-€, con cargo á partida 451.0.226.08.03 do programa presupostario de Cultura vixente para o presente exercicio, en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará a ALEJANDRO ARNÁIZ MÉNDEZ, con NIF 36.074.726-P.

4º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación AUT 20 CULTURA CONCELLO DE VIGO 2091 0501 61 3110002567.

*PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA
“LLIBRE VERMELL” CAPELLA DE MINISTRERS e COR DE CAMBRA LLUIS VICH&SOLISTAS*

En Vigo, o XXXXXX de novembro de 2006

Dunha parte D. Ignacio López-Chaves Castro, en calidade de concelleiro da Área de Asuntos Sociais, e en representación do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, CP 36202, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte D. Alejandro Arnáiz Méndez, NIF 36074726-P, que actúa en representación de si mesmo, e con domicilio en Ames (A Coruña), Urbanización Las Mimosas, A-12, CP 15895; no sucesivo A AXENCIA.

Ámbalas dúas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para celebrar o presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice un concerto do programa “LLIBRE VERMELL” a cargo do grupo CAPELLA DE MINISTRERS e COR DE CAMBRA LLUIS VICH&SOLISTAS, no sucesivo O ARTISTA, o mércores 22 de novembro de 2006, ás 21,45 horas, no recinto denominado Parroquia-Santuario “María Auxiliadora”. O ARTISTA efectuará un concerto dunha duración mínima de 60 minutos.

Este concerto inclúese no FESTIVAL DE MÚSICA DE VIGO “ARE-MORE” 2006, que programa e organiza o departamento de Cultura do Concello de Vigo.

VALIDEZ

SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento en que se encontre en poder da AXENCIA, debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO, sempre antes do día 20 de novembro de 2006.

RETRIBUCION E GASTOS

TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 25.138,50.- Euros máis 4.022,16.- Euros (en concepto de 16 % de IVE), o que fai un importe total de 29.160,66.-Euros (vintenove mil cento sesenta euros con sesenta e seis céntimos), en concepto da realización do concerto do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e mantenza.

O pagamento deste importe realizarase mediante un talón nominativo a favor de Alejandro Arnáiz Méndez NIF 36.074.726-P, que se lle entregará momentos antes do comezo do concerto, co ARTISTA no recinto, previa presentación de factura que se axustará aos requisitos establecidos no Real Decreto 1496/2003, do 28 de novembro.

CUARTA.- Serán de conta do CONCELLO todos os gastos que se xeneren como consecuencia do concerto, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros (agás o de cancelación para gastos de produción), publicidade e dereiros de autor.

PERMISOS

QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos necesarios para a celebración da actuación no lugar e data determinados.

AFORO E ENTRADAS

SEXTA.- O local da actuación é de acceso libre e gratuíto até completar o seu aforamento

IMAXE DO ARTISTA

SÉTIMA.- O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou produto vinculados ao concerto obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o previo consentimento da AXENCIA, por escrito. A AXENCIA reservarase o dereito da explotación de produtos relacionados co ARTISTA no día e lugar do concerto, acordando previamente co CONCELLO o lugar exacto e demais condicións de venda.

OITAVA.- Para efectuar calqueira retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo, fotografías ou calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter por escrito autorización da AXENCIA. Por este motivo, O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparato que rexistre ou reproduza son ou imaxe. O CONCELLO advertirá ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxetos.

NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar do concerto a fin de atender os seus compromisos.

A AXENCIA comunicará ao CONCELLO, con sete días de antelación, as normas para que os medios de comunicación poidan realizar a cobertura informativa do concerto. No caso contrario, enténdese que os medios acreditados polo CONCELLO poderán rexistrar imaxes e son dos cinco primeiros minutos do concerto.

PUBLICIDADE

DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade axeitada ao concerto, para o que A AXENCIA porá á súa disposición os elementos publicitarios que se consideren necesarios.

PATROCINIOS

DÉCIMO PRIMEIRA.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades do festival, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas dos seus colaboradores na publicidade xeral, así como no recinto do concerto e nos seus aledaños, excepto no escenario, co obxeto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos citados colaboradores.

O Festival de Música de Vigo ARE-MORE 2006 está patrocinado a nivel xeral pola FUNDACIÓN CAIXAGALICIA, a Consellería de Cultura e Deportes da XUNTA DE GALICIA e a SA Xestión do Plan Xacobeo, polo que os seus logos aparecerán na publicidade xeral.

DÉCIMO SEGUNDA.- Se o concerto ou xira do ARTISTA dispón dalgún patrocinador, A AXENCIA, cunha antelación mínima de 30 días respecto á data do concerto, comunicará esta situación ao CONCELLO, quen poderá cancelar o contrato se existise algunha incompatibilidade cos seus propios patrocinadores. Neste caso, o CONCELLO comunicará esta circunstancia á AXENCIA nun prazo de 10 días, sen que corresponda indemnización algunha á AXENCIA.

SEGURIDADE DO CONCERTO

DÉCIMO TERCEIRA.- O CONCELLO responsabilizase da seguridade xeral do concerto, polo que serán da súa conta a contratación dos medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel; sen perxuízo da responsabilidade que corresponda ao propietario do local do concerto.

DÉCIMO CUARTA.- Sen perxuízo das responsabilidades que se poideran atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento da súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan.

DÉCIMO QUINTA.-O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local do concerto obxectos que puideran resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do concerto.

DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, camerinos, etc., e, en xeral, aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do concerto.

DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local do concerto, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre e cando A AXENCIA entregue antes da súa entrada no recinto unha declaración escrita na que se detalle ese material ao CONCELLO.

INSTALACIÓNS

DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto do concerto desde as 9:00 horas do día do concerto e até as dúas horas despois da súa finalización.

DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar do concerto estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, según as obrigas e condicións definidas en este contrato e o seu anexo, para asumir polo CONCELLO.

SUSPENSIÓN DO CONCERTO

VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o concerto houbera de suspenderse, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dunha acta de conformidade.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidira suspender o concerto unilateralmente, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só no caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindir o mesmo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade algunha do pactado no presente contrato. Por este motivo, A AXENCIA comprométese a suscribir un seguro que, en caso de incomparecencia do artista, cubra os gastos de produción.

INCUMPRIMENTOS E COMPROMISOS

VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultará á AXENCIA a rescindir o contrato.

VIXÉSIMO CUARTA.- O CONCELLO non asume respecto ao ARTISTA ou á AXENCIA ningunha outra obriga ou compromiso que non estea indicado expresamente neste contrato e nos seus Anexos.

XURISDICIÓN

VIXÉSIMO QUINTA.- As partes contratantes sométense aos Tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidera corresponderlles, para resolver cantas cuestións puideran derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

ANEXO DE CONDICIÓNNS TÉCNICAS

1. INSTALACIÓNNS E EQUIPAMENTOS.

1.1. ESCENARIO.

A AXENCIA coñece e acepta as condicións de escenario existentes no recinto de actuación.

1.2. SON E ILUMINACIÓN.

Non se precisa equipo de son; o de iluminación será por conta da AXENCIA.

1.3 RECINTO E INSTALACIÓNNS.

O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e as súas instalacións e considéranas axustadas ás necesidades do concerto.

2. ÁREAS RESERVADAS OU DE ACCESO RESTRINXIDO.

- camerinos
- saída ao escenario
- pasillos entre camerinos e escenario

3. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

Non se precisan

4. CAMERINOS.

O CONCELLO proveerá ao ARTISTA dun camerino de uso exclusivo, aillados do público, próximo ao escenario e con acceso directo ao mesmo, con capacidade suficiente para as características do espectáculo.

Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados, provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.

Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos, que estarán dispoñíbeis e vixiados dende o inicio das montaxes ata o final da desmontaxe. O CONCELLO facilitará á AXENCIA ou ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estos llo requiran.

5. CATERING.

O CONCELLO deberá suministrar no camerino do ARTISTA cunha antelación de UNHA HORA respecto á hora do comezo do concerto o seguinte catering: auga mineral, cafés e/ou infusións e fruta.

Tamén O CONCELLO proveerá de auga mineral aos técnicos antes (montaxes), durante e despois (desmontaxes) do concerto.

6. VEHÍCULOS.

O CONCELLO xestionará que os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA teñan acceso directo ao escenario ou ás portas do local da actuación; en caso contrario, O CONCELLO proveerá ao seu cargo os medios necesarios para desprazar alí os equipos.

O CONCELLO xestionará ou habilitará un espazo para circulación ou aparcadoiro de DOUS vehículos do ARTISTA e da AXENCIA que participen na realización do concerto, para o que A AXENCIA deberá facilitarlle ao CONCELLO, cunha antelación mínima de 15 días naturais respecto á data do concerto, os datos necesarios dos vehículos.

7. MERCHANDISING.

O CONCELLO facilitaralle, se é o caso, á AXENCIA un espazo e mesa para o “merchandising” do ARTISTA, e unha persona para a súa atención e venda.

8. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

8.1. RESPONSÁBEL DE PRODUCCIÓN.

O CONCELLO designará a unha persoa como único interlocutor válido ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas co concerto. A AXENCIA coñecerá de antemán a identidade do responsábel da produción, que estará presente no lugar do concerto á hora que se acorde para iniciar as montaxes. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsábel da produción estará permanentemente localizábel.

8.2. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar do concerto, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son ou ensaios técnicos e durante o concerto. O resto do tempo no que estea vixente o contrato, estará permanentemente localizábel.

8.3. MANTEMENTO.

O CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local do concerto, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais axeitados.

9. VIXILANCIA E SEGURIDADE.

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de vixilancia e seguridade que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, “backstage”, equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respetuosa coas persoas. Este servizo cumprirá as obrigas de seguridade que se atribúen ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de vixilancia e seguridade estará dispoñíbel dende 30 minutos antes do concerto até o final do mesmo. O persoal de seguridade atenderá

- zona de camerinos e pasillos
- acceso ao escenario e “backstage”

As indicacións dos responsábeis de produción designados polo CONCELLO, co obxecto de contribuir ao bo desenvolvemento do concerto e dar cobertura ás obrigas adquiridas polo CONCELLO ante A AXENCIA e O ARTISTA, en canto á vixilancia e seguridade.

Até o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do concerto só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO. Todo o persoal relacionado co concerto deberá levar en lugar visible unha acreditación.

Dende 15 (quince) minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por DÚAS persoas identificábeis con acreditacións visíbeis.

O CONCELLO comunicará á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de vixilancia e seguridade, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de inicio da montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.

10. ACTUACIÓN E ENSAIO.

10.1. DISPONIBILIDADE DE ESCENARIO E ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

Durante a xornada completa do día do concerto

10.2. ENSAIO TÉCNICO.

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico no lugar do concerto, que terá unha duración de DÚAS horas aproximadamente, e que se realizará o día da actuación no horario que se acorde. Durante estes ensaios técnicos, non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.

10.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).

O concerto comezará con estricteza puntualidade á hora fixada neste contrato, que será a anunciada ao público. A apertura de portas ao público producirase media hora antes do concerto. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados todos os ensaios técnicos.

11. PUBLICIDADE.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO, coa suficiente antelación, o material básico para a promoción do concerto: un dossier artístico (currículo dos artistas, músicos..., programa completo), fotografías de calidade en CD, fragmentos musicais en CD para medios radiofónicos...

Ámbalas dúas partes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións técnicas do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

29(1605).- SOLICITUDE DA ENTIDADE FUNDACIÓN CAIXAGALICIA DE PRÉSTAMO DAS OBRAS DE MASIDE “PAISAXE” E “RAPAZA CON COLGANTE” PARA A EXPOSICIÓN “GALICIA, A FORZA DA PALABRA”. EXPTE. 2172/337.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo municipal “Quiñones de León”, do 7.11.06, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais e presidente do Padroado, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o préstamo temporal das obras Paisaxe (de Compostela) de Maside, nº inv. 399; Rapaza con colgante, de Maside, nº inv. 296; pertencente á colección de arte galega do Museo; por parte da entidade Fundación Caixagalicia, para a exposición “Galicia, a forza da palabra”, a celebrar entre o 16 de novembro de 2006 e 16 de febreiro de 2007 na sede da citada entidade en A Coruña; conforme coas condicións habituais de préstamo establecidas polo municipal, dando coñecemento deste préstamo ó padroado do Museo na primeira xuntanza que se convoque.

30(1606).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DAS ACCIÓNS 2 E 5 DO PROXECTO “VIGO DIXITAL”. EXPTE. 1127/321.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 10.11.06 e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 13.11.06, conformado pola delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 240.000 euros para a prestación dos servizos de das accions 2 e 5 do proxecto "Vigo Dixital" que se imputarán á partida presupuestaria 4631 2270612 do vixente presuposto.

2º.- Aprobar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 09-11-2006 e o prego de prescripción técnicas para a prestación dos servizos de das accions 2 e 5 do proxecto "Vigo Dixital".

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación uxente.

31(1607).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DA ACCIÓN 4 “MARKETING E PROMOCIÓN” DO PROXECTO “VIGO DIXITAL”. EXPTE. 1126/321.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 10.11.06 e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 13.11.06, conformado pola delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 75.000 euros euros para a prestación dos servizos da accion 4 "Marketing e promoción" do proxecto "Vigo Dixital" que se imputarán á partida presupuestaria 4631 2270612 do vixente presuposto.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 09.11.2006 e o prego de prescripción técnicas para a prestación dos servizos de contratación da accion 4 "Marketing e promoción" do proxecto "Vigo Dixital".

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación urxente.

32(1608).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e cincuenta minutos.Como secretaria dou fé.

me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO ACCTAL.
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Ignacio López-Chaves Castro.